

Proceso asistencial indicacións apropiadas de técnicas de imaxe cardíaca

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Edición bilingüe galego/castelán



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Sanidade
Servizo Galego de Saúde

Edita: Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Depósito Legal: C 1445-2023

Imprime: GRAFINCO

Equipo de traballo:

Autores:

José Ramón González Juanatey - xefe do Servizo de Cardiología
Amparo Martínez Monzonís - coordinadora da Unidade de Imaxe Cardíaca
Manuel Ángel Bandín Diéguez - facultativo especialista, Servizo de Cardiología
María Álvarez Barredo - facultativa especialista, Servizo de Cardiología
María Bastos Fernández - facultativa especialista, Servizo de Cardiología
Ana García Campos - facultativa especialista, Servizo de Cardiología
Brais Díaz Fernández - facultativo especialista, Servizo de Cardiología
Violeta González Salgado - facultativa especialista, Servizo de Cardiología
Isabel Denís Romar - técnica de imaxe cardíaca, Servizo de Cardiología
Pablo Tasende Rey - residente, Servizo de Cardiología
Óscar Otero García - residente, Servizo de Cardiología

Santiago de Compostela, 2023

Proceso asistencial: indicacións apropiadas de **TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA**



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Proceso asistencial: indicacións apropiadas de técnicas de imaxe cardíaca

As patoloxías que afectan o corazón e os procedementos vinculados á súa atención mostran unhas características moi apropiadas para a organización asistencial por procesos, xa que abordan problemas sanitarios de elevada prevalencia e complexidade. Polo impacto social e económico que representan as enfermidades cardiovasculares, necesítase unha coordinación entre niveis asistenciais e dispoñer de indicadores de calidade ben definidos e relevantes.

Neste sentido, é necesario que todo Servizo de Cardiología e, en consecuencia, toda área sanitaria dispoña dun “mapa de procesos”. Este mapa debe adaptarse ás características locais, en rede con outros servizos para promover unha atención integral, que permita optimizar os recursos e mellorar os resultados en saúde. O obxectivo é evolucionar desde unha cardiología dos “procedementos” a unha cardiología dos “procesos asistenciais”. Debe organizarse a atención non só das patoloxías de alta prevalencia, senón tamén das de alta complexidade, todas integradas cos procesos de soporte do conxunto da actividade.

Planificar unha organización asistencial, polo menos dos procesos de elevada prevalencia, excesivamente “cardiológico-céntrica” é garantía de fracaso. Na maioría das ocasións dá lugar a unha asistencia fragmentada, ás veces máis centrada nos nosos intereses que nos dos pacientes e das organizacións sanitarias. Temos a responsabilidade de reunir a todos, pacientes, profesionais sanitarios e xestores, na organización dos procesos asistenciais sen esquecer a necesidade, como noutras áreas de xestión sanitaria, dun liderado clínico.

É importante dispoñer de procesos asistenciais integrados, adaptados ás características de cada área sanitaria, o que supón a definición das rutas do paciente dentro da organización sanitaria. Patoloxías como a cardiopatía isquémica, insuficiencia cardíaca, fibrilación auricular ou estenose valvular aórtica, procedementos en áreas de críticos cardiológicos e modelos de organización de cardio-oncología ou indicación de técnicas de imaxe adecuadas, son bos exemplos das oportunidades que temos para mellorar a atención aos pacientes dentro dunha necesaria optimización dos recursos sanitarios.

Durante o ano 2021 un grupo multidisciplinar de profesionais da nosa área sanitaria traballaron de forma conxunta e coordinada para definir as características que debe guiar a nosa organización. Grazas a todos, o seu traballo axudará a mellorar a saúde da nosa poboación.

José R. González Juanatey

Xefe do Servizo de Cardiología e UCC
Catedrático de cardiología

Eloína Núñez Masid

Xerente da Área Sanitaria Santiago de
Compostela e Barbanza

ÍNDICE

1. NECESIDADE DE ORGANIZACIÓN DAS INDICACIÓNS APROPIADAS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN CADA CENTRO ASISTENCIAL	13
2. DEFINICIÓN DO PROCESO	19
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN PARA IDENTIFICAR OPORTUNIDADES DE MELLORA	23
4. FORTALEZAS E DEBILIDADES DAS DIFERENTES TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA...	27
5. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN VALVULOPATÍAS	31
5.1. Indicacóns xerais	31
5.1.a. Inclusión no proceso (diagnóstico)	31
5.1.b. Seguimento.....	31
5.2. Valvulopatía mitral.....	32
5.2.a. Estenose mitral (EMI).....	32
5.2.a.1. Diagnóstico.....	32
5.2.a.2. Seguimento	32
5.2.b. Insuficiencia mitral (IMI).....	33
5.2.b.1. IMI aguda	33
5.2.b.2. IMI crónica	34
5.2.b.2.1. Diagnóstico.....	34
5.2.b.2.2. Seguimento	34
5.2.c. Probas de imaxe previas á intervención valvular mitral.....	36
5.3. Valvulopatía aórtica	37
5.3.a. Estenose aórtica (EAO).....	37
5.3.a.1. Diagnóstico	37
5.3.a.2. Seguimento.....	38
5.3.b. Insuficiencia aórtica	40
5.3.b.1. Diagnóstico.....	40
5.3.b.2. Seguimento	40

5.3.c. Probas de imaxe previas á intervención valvular aórtica	42
5.4. Valvulopatía tricúspide.....	43
5.4.a. Insuficiencia tricúspide (IT)	43
5.4.a.1. Diagnóstico.....	43
5.4.a.2. Seguimento	44
5.4.b. Estenose tricúspide (ETri)	46
5.4.b.1. Diagnóstico.....	46
5.4.b.2. Seguimento	46
5.4.c. Probas de imaxe previas á intervención valvular tricúspide	47
5.5. Seguimento próteses	47
5.5.a. Seguimento de próteses mecánicas.....	47
5.5.b. Seguimento de próteses biolóxicas	48
5.5.c. Seguimento de próteses aórticas percutáneas	49
5.6. Endocardite	50
6. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN PATOLOXÍA DA AORTA TORÁCICA	55
6.1. Consideracións xerais	55
6.2. Aneurisma de aorta torácica	55
6.3. Síndrome de Marfan	57
6.4. Válvula aórtica bicúspide.....	59
6.5. Síndrome de Turner.....	60
6.6. Síndrome de Loeys-Dietz.....	61
6.7. Coartación de aorta.....	63
6.8. Control tras cirurxía de aorta torácica.....	63

7. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN INSUFICIENCIA CARDÍACA (IC)	67
7.1. Consideracións xerais	67
7.2. Indicacións de ecocardiograma transtorácico (ETT)	67
7.3. Indicacións de cardiorresonancia (cardio-RM)	67
7.4. Indicacións de cardio-TC	68
7.5. Indicacións de medicina nuclear	69
8. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN CARDIOPATÍA ISQUÉMICA	73
8.1. Consideracións xerais	73
8.2. Síndrome coronaria crónica (SCC)	73
8.3. Infarto agudo de miocardio con elevación persistente do segmento ST (SCACEST)	75
8.4. Síndrome coronaria aguda sen elevación persistente do segmento ST (SCASEST)	77
9. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN MIOCARDIOPATÍAS FAMILIARES	81
9.1. Miocardiopatía hipertrófica (MCH)	81
9.2. Miocardiopatía dilatada	83
9.3. Miocardiopatía restritiva (MCRct)	84
9.4. Miocardiopatía non-compactada	84
9.5. Miocardiopatía arritmóxena (MA)	85
10. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN HIPERTENSIÓN PULMONAR (HP)	89
10.1. Indicacións de ecocardiograma no diagnóstico e seguimento de pacientes con HP	90
10.1.a. Ecocardiograma para o diagnóstico de HP. Estudo basal	90
10.1.b. ETT con administración de soro axitado ou ETE	90
10.1.c. ETT prognóstico en pacientes con HP confirmada	90

10.2. Protocolo de cribado de HP en grupos de risco	91
10.3. Indicacións de cardio-RM	91
11. INDICACIÓN DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA NAS CARDIOPATÍAS CONXÉNITAS DO ADULTO (CCDA)	95
11.1. Comunicación interauricular (CIA)	96
11.1 a. Diagnóstico	98
11.1.b. Seguimento	98
11.2. Comunicación interventricular (CIV)	98
11.2.a. Diagnóstico e seguimento	99
11.3. <i>Ductus</i> arterioso persistente	99
12. INDICACIÓN DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA NO DIAGNÓSTICO E SEGUIMENTO DAS MASAS CARDÍACAS.....	105
12.1. Tumores primarios benignos	106
12.1.a. Mixoma.....	106
12.1.b. Fibroelastoma papilar	107
12.2. Tumores primarios malignos	107
12.2.a. Anxiosarcoma	107
12.2.b. Outros sarcomas	108
12.3. Tumores cardíacos secundarios (metástases).....	108
12.4. Trombos intracardiácos.....	109
13. INDICACIÓN APROPIADAS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN PATOLOXÍA DO PERICARDIO.....	113
13.1. Pericardite aguda	113
13.2. Derramo pericárdico	113
13.3. Pericardite recorrente	114
13.4. Pericardite constrictiva	115
13.5. Masas pericárdicas	117

14. INDICACIÓNS APROPIADAS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN CARDIO-ONCO-HEMATOLOXÍA	121
14.1. Indicacóns das TIMAXC en pacientes tratados con antraciclinas.....	121
14.2. Indicacóns das TIMAXC en pacientes tratados con inhibidores de HER2	122
14.3. Indicacóns das TIMAXC en pacientes tratados con inhibidores de VEGF	123
14.4. Indicacóns das TIMAXC en pacientes tratados con inhibidores de <i>checkpoint</i> inmunolóxico (ICPi)	124
14.5. Indicacóns das TIMAXC en pacientes tratados con inhibidores da kinasa Bcr-Abl	124
14.6. Indicacóns das TIMAXC en pacientes tratados con fármacos susceptibles de producir un SCA	125
14.7. Indicacóns das TIMAXC en pacientes de cardio-onco-hematoloxía con derramo pericárdico	125
15. INDICACIÓNS DE ESTUDO ECOCARDIOGRÁFICO EN PACIENTES CON ICTUS ISQUÉMICO OU AIT	129
15.1. Ecocardiografía transtorácica	129
15.2. Ecocardiografía transesofáxica	129
16. ANEXOS	133
Anexo 1. Datos xerais de informe de ecocardiograma regulado	133
Anexo 2. Ecocardiograma regulado en valvulopatía mitral.....	135
Anexo 3. Valoración ecocardiográfica da válvula aórtica	138
Anexo 4. Valoración ecocardiográfica da válvula tricúspide	140
Anexo 5. Ecocardiograma regulado en próteses.....	141
Anexo 6. Miocardiopatías familiares.....	142
Anexo 7. Cardiopatías conxénitas do adulto.....	145
17. ABREVIATURAS	159
18. BIBLIOGRAFÍA	163

NECESIDADE DE
ORGANIZACIÓN
DAS INDICACIÓNS
APROPIADAS
DAS TÉCNICAS
DE IMAXE CARDÍACA
EN CADA CENTRO
ASISTENCIAL

1. NECESIDADE DE ORGANIZACIÓN DAS INDICACIÓNS APROPIADAS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN CADA CENTRO ASISTENCIAL

O proceso diagnóstico comeza ao presentar un individuo uns síntomas e consultar con relación a estes cun facultativo. As técnicas de imaxe cardíaca son unha parte máis dese proceso diagnóstico do que tamén forman parte as características dos síntomas, os antecedentes, os factores de risco do paciente e a exploración física. Coa integración dos datos proporcionados por todos estes elementos establécese un diagnóstico, indícase un tratamento e establécese un prognóstico e un seguimento (figura 1). A adecuada selección das técnicas de imaxe cardíaca que se han de utilizar neste proceso diagnóstico forma parte da correcta xestión dos procesos asistenciais para conseguir unha asistencia máis eficiente.¹



Figura 1. Proceso asistencial.

As técnicas de imaxe cardíaca (TIMAXC) experimentaron un grande avance nas últimas décadas. O seu uso no proceso diagnóstico e na toma de decisións terapéuticas con relación ás diferentes patoloxías cardiovasculares creceu de forma exponencial e leva, en ocasións, a un abuso con relación á súa indicación.²⁻³ Co fin de tentar organizar a utilización das TIMAXC, as sociedades científicas elaboraron recomendacións de uso apropiado destas. Ademais, nas guías de práctica clínica (GPC) de cada patoloxía recóllese un apartado con relación ao diagnóstico e indícase que técnica se debe de utilizar en cada momento do proceso asistencial e a periodicidade do seu uso. A indicación do uso de cada TIMAXC nas diferentes GPC non sempre está avalada por ensaios clínicos, e en moitas ocasións é consecuencia dun acordo de expertos. É de destacar que non sempre existe concordancia entre o grao de recomendación das GPC e as recomendacións de uso apropiado para unha mesma técnica e patoloxía; isto é consecuencia de que entre ambas existen

diferenzas de concepto importantes. As GPC abordan o manexo dunha patoloxía a través do consenso dos expertos que as elaboran baseándose na evidencia que achegan os estudos publicados. As guías de uso apropiado valoran a utilización dunha técnica nunha situación clínica concreta e establecen unhas recomendacións xenéricas. O anteriormente mencionado, unido á tendencia para facer unha medicina defensiva e á crenza de que con máis probas de imaxe se consegue un mellor diagnóstico e tratamento do paciente, fai que sexa imprescindible organizar o uso das TIMAXC en cada centro evitando un aumento progresivo do gasto, que pode facer insustentable un sistema sanitario.¹⁻⁵

Por todo o comentado previamente, establecer unha organización das TIMAXC pretende, entre outras cousas, evitar a súa sobreutilización; é dicir, o seu uso en situacións nas que non acheguen beneficio para o paciente atendendo ao resultado, risco e custo. Con esta organización, téntase conseguir uniformidade no uso das TIMAXC e valorar adecuadamente riscos e beneficios ao utilízalas. Débese considerar como risco non só a radiación inherente a algunhas técnicas ou os efectos secundarios de diferentes contrastes utilizados, senón tamén os riscos derivados do resultado da proba; así, múltiples probas que acheguen información innecesaria ou redundante poden demorar un diagnóstico que se podía conseguir máis rápido ao elixir a técnica adecuada. A adecuada organización das TIMAXC tamén debe ter en conta o concepto de custo-oportunidade, definido como o valor da mellor opción non realizada; é dicir, coñecer os recursos de que se dispón e utilízalos da mellor maneira, dado que non se pode utilizar unha mesma técnica en dous pacientes á vez. Debemos ser os profesionais os que reflexionemos sobre un uso eficiente das técnicas diagnósticas para conseguir unha asistencia sanitaria clinicamente efectiva, segura para os pacientes, eficiente e sustentable.¹⁻⁸

A organización do uso das TIMAXC en cada centro débese realizar tendo en conta as recomendacións das guías de uso apropiado, as guías de práctica clínica publicadas e a dispoñibilidade das diferentes técnicas. Ademais, esta organización debe integrarse cos procesos asistenciais do centro, actualizarse de forma periódica e adaptarse a cada paciente. O uso dunha TIMAXC sempre debe ir dirixido a responder unha pregunta, a condicionar unha actitude terapéutica e a establecer un pronóstico da forma máis eficiente posible.

No noso centro dispoñemos de todas as TIMAXC existentes na actualidade na carteira de servizos do Servizo de Cardioloxía, e non se depende doutros servizos para a súa organización, aínda que se conta con especialistas non-cardiólogos para unha mellor interpretación da patoloxía extracardíaca. Para a elaboración destas indicacións, consultáronse as guías de uso apropiado das diferentes TIMAXC publicadas e as GPC de cada patoloxía actualizadas. A optimización do uso das TIMAXC para unha mellor asistencia aos pacientes da nosa área sanitaria é o fío condutual deste documento.

De forma xeral, debemos evitar as probas de imaxe que supoñan utilizar radiación e contrastes nefrotóxicos sempre que haxa alternativa. Debemos ser especialmente restritivos no uso de radiación en pacientes novos que requiran múltiples probas seriadas e en mulleres en idade reprodutiva.



DEFINICIÓN DO PROCESO

2. DEFINICIÓN DO PROCESO

DEFINICIÓN DO PROCESO

Establecer de forma clara as indicacións das TIMAXC dentro dos diferentes procesos asistenciais desde o primeiro contacto co sistema definindo o papel de cada unha delas, o momento do seu uso e os profesionais implicados na súa realización co fin de optimizar a súa utilización. O obxectivo é asegurar que as TIMAXC se indiquen seguindo as guías de actuación clínica e uso apropiado adaptándose ás particularidades de cada paciente para lograr unha asistencia máis eficiente.


OBXECTIVOS DO PROCESO

- Establecer as indicacións do uso das TIMAXC.
- Establecer a periodicidade no uso das TIMAXC en cada proceso asistencial.
- Establecer a orde de uso das TIMAXC en cada proceso asistencial.
- Establecer que profesional debe realizar as TIMAXC no contínuum de cada proceso asistencial.

OBSERVACIÓNS

Obxectivos máis específicos do proceso son:

- Optimizar o uso das TIMAXC no noso centro.
- Facer máis eficiente o uso das TIMAXC no noso centro.
- Mellorar a accesibilidade dos pacientes ás TIMAXC ao protocolizar o seu uso.
- Homoxeneizar o uso das TIMAXC en cada proceso asistencial.
- Establecer circuítos claros do uso das TIMAXC en cada proceso asistencial.
- Racionalizar e optimizar a utilización de recursos hospitalarios sen detrimento da calidade asistencial.
- Adecuación do uso das TIMAXC ás guías de práctica clínica.
- Mellorar a continuidade asistencial.
- Establecer a capacidade dos facultativos da Unidade de Imaxe para poder intercambiar as probas de imaxe en función das características de cada paciente e a dispoñibilidade destas.



ANÁLISE DA SITUAÇÃO PARA IDENTIFICAR OPORTUNIDADES DE MELLORA

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN PARA IDENTIFICAR OPORTUNIDADES DE MELLORA

Na táboa 1 móstranse as probas de imaxe cardíaca realizadas no CHUS en 2019 e 2020. Pódese pensar que a diminución nas probas de imaxe realizadas en 2020 está en relación coa situación de pandemia por SARS-COV2. Isto é certo en relación coas probas como ecocardiograma transesofáxico (ETE), ecocardiograma de esforzo, cardio-TC e cardio-RM, mais non así con relación ao ecocardiograma transtorácico (ETT). A Unidade de Imaxe Cardíaca revisou desde o 17 de marzo de 2020 cada proba solicitada e a súa adecuación a guías de actuación clínica, e non realizou aquelas que se consideraban fóra de guía ou fútiles polas características do paciente, e indicóuselles aos facultativos responsables do enfermo a posibilidade de revisar conxuntamente a indicación desa proba. Revisouse, así mesmo, a evolución clínica daqueles enfermos nos que non se realizou unha proba non-indicada e confirmouse a inexistencia de eventos cardiovasculares maiores en relación coa falta de realización da devandita proba.

	ETT UIC	ETE	Eco-esforzo	Cardio-TC	Cardio-RM	Spect-esf.	¹⁸ FDG-PET
2019	8021	910	439			509	43
2020	6329	656	159	929	770	259	53


Táboa 1. Número de probas de imaxe realizadas en 2019 e 2020 no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. ETT UIC: Ecocardiogramas transtorácicos regulados realizados na Unidade de Imaxe Cardíaca. SPECT-esf.: SPECT de esforzo.

Tendo en conta os datos previamente mencionados e revisando a bibliografía que avala axustar as probas a guías de uso apropiado e de actuación clínica preténdese:

- Elaborar un documento de indicacións de TIMAXC adaptado a un centro terciario cuxo Servizo de CardioloXía dispón de todas as técnicas existentes no momento actual e de facultativos expertos nestas.
- Organizar o uso das TIMAXC en cada proceso asistencial.
- Organizar os circuitos de uso das TIMAXC no contínuum asistencial do noso centro para cada patoloxía.

- Organizar as TIMAXC dimensionándoas ao noso centro sen comprometer a calidade asistencial.
- Evitar a futilidade das TIMAXC en todos os procesos asistenciais.
- Evitar a improvisación na indicación das TIMAXC na asistencia diaria.
- Evitar demoras na realización das probas de imaxe cardíaca ao evitar as innecesarias.
- Adaptar todos os circuítos de TIMAXC a cada paciente evitando probas fútiles que poidan parecer indicadas en guías de actuación clínica.
- Conseguir unha xestión eficiente das TIMAXC.
- Conseguir realizar todas aquelas probas que condicionan unha actitude terapéutica eliminando as que non van supoñer cambios no manexo dos pacientes.

Para conseguir os obxectivos comentados previamente, vanse detallar os circuítos de uso das diferentes TIMAXC que se han de seguir nas diferentes patoloxías cardíacas trasladándoos aos procesos asistenciais do Servizo de Cardiología do CHUS.



FORTALEZAS E DEBILIDADES DAS DIFERENTES TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA

4. FORTALEZAS E DEBILIDADES DAS DIFERENTES TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA

Ao realizar unha guía de indicacións de uso de técnicas de imaxe cardíaca, hai unha serie de elementos que cómpre considerar:

- **O paciente** ao que lle imos indicar unha proba diagnóstica tendo en conta as súas características clínicas e comorbididades con relación ás cales imos establecer a probabilidade pretest e posttest da proba e o cambio que pode supoñer no tratamento do paciente.
- **As capacidades da proba.** Ao realizar unha revisión das indicacións das diferentes TIMAXC é importante ser consciente de que ningunha delas é perfecta, todas teñen fortalezas e debilidades. Se se quere facer un uso eficiente das TIMAXC débense coñecer as limitacións e vantaxes desas técnicas, así como as súas diferentes consideracións técnicas. Estes datos coméntanse na táboa 2.

Considerações técnicas	Ecocardiografia transtorácica	Ecocardiografia transesofágica	Cardio-RM	Cardio-TC	SPECT	¹⁸ F PET-TC
Resolução espacial	<3 mm	<1 mm	1-2 mm	<1 mm	0,8 cm	0,4 cm
Resolução temporal	20 ms	20 ms	30 ms	60 ms (gated)	1-2 microsegundos	310 picosegundos
Debilidades	-Ventá acústica limitada e mala qualidade de imaxe — Dimensões vasculares menos fiáveis que con cardio-RNM e cardio-TC	-Ventá acústica limitada e mala qualidade de imaxe — Peor visualização do apex que o EIT — Dimensões vasculares menos fiáveis que con cardio-RNM e cardio-TC - Peor visualização de estruturas cardíacas mais anteriores — Precisa sedação — Risco de erosão ou rotura esofágica	— Artefactos — Contraindicado nalguns pacientes con marcapasos, electrodos endocavitarios — Posible presenza de artefactos que impidan unha calidade diagnóstica do estudo secundarios a dispositivos compatibles con cardio-RM — Tempo de adquisición prolongado — Necesidade de permanecer deitado e inmóbil — Claustrofobia	— Radiação — Contraste intravenoso — Necesidade de permanecer deitado e inmóbil — Calidade de imaxe dependente de adecuado control de frecuencia cardíaca — Falta de información funcional	— Radiação	— Radiação
Estrutura						
Morfología cardíaca	+++	+++	+++	++	—	++
Tamaño ventricular (volume)	++	++	+++	+++	+++	+++
Fibrose miocárdica	+	+	+++	++	+	+++
Ostium coronarios	+	+++	+++	+++	+	+++ (TC)
Circulación coronaria distal	—	—	++	+++	—	+++ (TC)
Vasos extracardiacos	++	++	+++	+++	—	+++ (TC)
Función						
Función ventricular	+++	+++	+++	Ungated – Gated ++	Ungated –	Ungated –
Función ventricular rexional	+++	+++	+++	+++	Gated +++++	Gated +++++
Función diastólica	+++	+++	++	...	—	—
Cuantificación de fluxos	+	+	+++	...	—	—
Regurixitación valvular	+++	+++	+++	...	—	—
Gradientes de presión	+++	+++	++	...	—	—
Proba de tensión	+++	+++	+++	...	—	—

Táboa 2. Fortalezas e debilidades das diferentes técnicas de imaxe cardíaca.

A large, light gray background graphic. On the left is a circle, and extending from its right side is a horizontal line that then turns into a jagged, pulse-like line that continues towards the right edge of the page. The text is centered over this graphic.

INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN VALVULOPATÍAS

5. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN VALVULOPATÍAS

O uso das TIMAXC neste grupo de pacientes é especialmente relevante, dado que estamos, en moitos casos, ante unha patoloxía crónica asociada ao envellecemento poboacional e por iso moi prevalente. Ademais, o seu seguimento a longo prazo e a toma de decisións terapéuticas invasivas comporta a necesidade de uso das TIMAXC de forma indefinida, polo que é fundamental organizar o uso destas dunha forma eficiente.

5.1. Indicacións xerais

5.1.a. Inclusión no proceso (diagnóstico)

Débeselle realizar un ETT a todo paciente que consulte con síntomas e signos (sopro) suxestivos dunha valvulopatía.⁹⁻¹² O ecocardiograma inicial pódese realizar na consulta de acto único, durante a valoración no Servizo de Urxencias ou na Unidade de Imaxe Cardíaca, dependendo da procedencia do paciente. Neste primeiro estudo débese definir a severidade da valvulopatía, a etioloxía máis probable desta, a existencia doutras valvulopatías asociadas, o tamaño e función das diferentes cavidades cardíacas e a existencia ou non de hipertensión pulmonar (HP) para poder estadiar o grao de valvulopatía con vistas a definir o seguimento.⁹⁻¹² Tras realizar a historia clínica do paciente, a exploración física e valorar as probas complementarias dispoñibles establecebase un diagnóstico, un tratamento, un seguimento e un pronóstico do enfermo e remitírase, se así se precisa, para seguimento na consulta específica. Se se precisa algunha TIMAXC ademais do ETT para o adecuado diagnóstico, seguiranse as recomendacións dadas en cada valvulopatía. Se a calidade do ETT realizado na consulta de acto único non permite o adecuado estadiamento da valvulopatía, débese comentar coa Unidade de Imaxe para realizar un novo ETT nun tempo adecuado á situación clínica do paciente.⁹⁻¹²

5.1.b. Seguimento

As probas de seguimento de calquera valvulopatía en grao superior a moderada deben ser realizadas por facultativos da Unidade de Imaxe Cardíaca. En principio, a proba de seguimento habitual será o ETT, aínda que en cada valvulopatía se indicará a apropiación do uso doutras TIMAXC no proceso asistencial. A periodicidade no uso das diferentes TIMAXC indicárase en cada caso na actual guía.

5.2. Valvulopatía mitral.

5.2.a. Estenose mitral (EMI)

5.2.a.1. Diagnóstico

No noso medio, a causa máis frecuente de EMI é a dexenerativa por calcificación anular e dos veos, aínda que persisten casos de EMI reumática en pacientes de máis idade ou en mozos procedentes doutros países.

Como se comentou, débese realizar un ecocardiograma transtorácico no momento do diagnóstico no que se define o grao da estenose mitral e a existencia ou non doutras valvulopatías asociadas que poidan condicionar o seu seguimento. En caso de dúbida ou discordancia dos datos, ou se existe sospeita de gravidade da estenose, poderase considerar completar estudos mediante probas de imaxe cardíaca adicionais:

- Eco-doppler de esforzo: se existe discrepancia entre os síntomas referidos polo enfermo, os datos de biomarcadores e os achados do ETT para definir a clase funcional do paciente e o grao de valvulopatía ante o que estamos (anexo 2).
- ETE: se se considera actuar de forma invasiva sobre a válvula mitral para valorar as características da válvula para optimizar a indicación terapéutica, o grao de insuficiencia mitral asociada, descartar a existencia de trombos no apéndice auricular esquerdo e confirmar ou descartar a existencia e o grao doutras valvulopatías asociadas. Se a ventá do ETT é moi deficiente, pódese solicitar ETE para valorar adecuadamente o grao de EMI e o de IMI asociada (anexo 2).
- Anxio-TC das arterias coronarias nos pacientes homes menores 40 anos e nas mulleres premenopáusicas sen factores de risco cardiovascular que van ser sometidos a cirurxía valvular mitral (figura 2).⁹⁻¹⁴

5.2.a.2. Seguimento

Tras establecer o grao de EMI, débense realizar ecocardiogramas regrados (anexos 1 e 2) na Unidade de Imaxe Cardíaca coa periodicidade indicada na táboa 3 e na figura 2. O seguimento dos pacientes aos que se lles realizou unha valvuloplastia mitral percutánea será igual ao do paciente con estenose mitral; adecuándoo en función do grao de estenose e insuficiencia mitral residual, aumentarase a frecuencia dos tests diagnósticos, de acordo coa Unidade de Imaxe, se aparece reestenose significativa.⁹⁻¹⁴




Figura 2. Algoritmo de diagnóstico e seguimento da estenose mitral.

5.2.b. Insuficiencia mitral (IMI)

5.2.b.1. IMI aguda

A IMI aguda pode ser secundaria a endocardite infecciosa, a infarto agudo de miocardio e a rotura espontánea de cordas en paciente con enfermidade fibroelástica ou menos frecuente con enfermidade de Barlow. A primeira proba para realizar ante a sospeita dunha IMI aguda é un ETT (usualmente, polo persoal de garda de Cardioloxía). Tras o ETT, e sempre que a situación clínica do enfermo o permita, débese realizar un ETE (anexos 1 e 2) para identificar o mecanismo da insuficiencia (se é posible, por persoal da Unidade de Imaxe Cardíaca).^{9-12, 14-16}

O seguimento tras o diagnóstico e a estabilización do paciente ou tratamento intervencionista da IMI aguda é similar ao da IMI crónica ou o da patoloxía subxacente (endocardite, cardiopatía isquémica...).^{9-12, 14-16}

5.2.b.2. IMI crónica

5.2.b.2.1. Diagnóstico

A IMI crónica pode ser funcional ou orgánica. A causa máis frecuente de IMI orgánica crónica no noso medio é o prolapso mitral. A insuficiencia mitral funcional pode ser secundaria a dilatación e disfunción de VE por diferentes causas, ou a dilatación de AI no contexto dunha fibrilación auricular crónica.

A técnica de imaxe para utilizar no momento do diagnóstico inicial é o ETT. Neste é obrigado informar do grao de IMI, segundo se indica nas guías de valoración de valvulopatías, da súa repercusión sobre o VE (tamaño e función), do grao de HP asociado e da existencia doutras valvulopatías para definir adecuadamente o protocolo de seguimento.^{9-12,14-16} Se tras o ETT existe dúbida ou discordancia dos datos ou se existe sospeita de gravidade da insuficiencia, pódese completar o estudo mediante probas de imaxe cardíaca adicionais:

- ETE: se a ventá transtorácica non é adecuada, ou se se considera un manexo invasivo do enfermo co fin de confirmar o mecanismo de regurxitación, ou se hai dúbidas do grao de IMI, débese solicitar ETE (anexo 2, figura 3).
- Eco-doppler de esforzo: se existe discrepancia entre os síntomas referidos polo enfermo, os datos de biomarcadores e os achados do ETT ou se se desexa recomendar o grao de esforzo para realizar nun paciente cunha IMI de grao III ou superior (anexo 2).
- Cardio-RM: se tras ETT, ETE ou eco de exercicio persiste discrepancia sobre o grao de IMI ou é preciso valorar a función ventricular con maior precisión, débese solicitar cardio-RM de acordo coa Unidade de Imaxe.
- Anxio-TC das arterias coronarias nos pacientes homes menores de 40 anos e nas mulleres premenopáusicas sen factores de risco cardiovascular que van ser sometidos a cirurxía valvular mitral. Nos pacientes que vaian ser sometidos a procedementos percutáneos que así o requiran (figura 3).^{9-12,14-16}

5.2.b.2.2. Seguimento (figura 3)⁹⁻¹⁶




Figura 3. Diagnóstico e seguimento da insuficiencia valvular mitral.

Táboa 3. SEGUIMIENTO VALVULOPATÍA MITRAL		
	Estenose Mitral (EMI)	Insuficiencia Mitral (IMI)
Progresivo (estadio B)	• AVMitral > 1,5 cm². ETT cada 3-5 anos • AVMitral 1-1,5 cm² con PSP <40 mmHg. ETT cada 2 anos • AVMitral 1-1,5 cm² con PSP >40 mmHg. ETT cada 1-2 anos	• IMI II. ETT cada 3-5 anos • IMI III. ETT cada 2 anos (anual se VE dilatado sen outra causa que o xustifique)
Severa asintomática (Estadio C)	• AVMitral <1 cm². ETT anual	• IMI IV. ETT anual. Pode facerse máis frecuente se hai cambios en FEVI, diámetros ou PSP sen outra causa que o xustifique, comentado con Unidade
• Valorar síntomas do paciente	• Eco-Doppler de esforzo	• Eco-Doppler de esforzo
• Dúvidas en grao de valvulopatía	• ETE	• ETE • Cardio-RM (valorar VE ou grao de IMI)
• Previo á cirurxía ou intervencionismo	• ETE	• ETE
• Ventá TT deficiente	• ETE	• ETE

Táboa 3: Seguimento valvulopatía mitral. AVMitral: Area valvular mitral.

5.2.c. Probas de imaxe previas á intervención valvular mitral

Se se decide realizar tratamento cirúrxico ou percutáneo da valvulopatía mitral, débese dispoñer das probas indicadas na táboa 4 con data máxima segundo indícase na táboa.

Táboa 4. Probas de imaxe cardíaca necesarias antes de presentación para intervención valvular mitral (estenose ou insuficiencia)			
	Substitución valvular mitral cirúrxica	Reparación valvular mitral percutánea	Reparación valvular mitral cirúrxica
Ecocardiograma transtorácico	< 6 meses	< 6 meses	< 6 meses
Ecocardiograma transesofáxico	< 6 meses	< 6 meses dirixido	< 6 meses dirixido

Táboa 4. Probas de imaxe para realizar antes de tratamento cirúrxico ou percutáneo da valvulopatía mitral⁹⁻¹⁶.

5.3. Valvulopatía aórtica

5.3.a. Estenose aórtica (EAO)

5.3.a.1. Diagnóstico

A etiología máis frecuente de EAO é a dexenerativa. A EAO é a valvulopatía máis frecuente no mundo occidental, como consecuencia do aumento da lonxevidade da súa poboación.

Ao realizar o diagnóstico de EAO, débese facer un ETT no que se defina o grao de estenose e a existencia doutras valvulopatías asociadas, así como a presenza ou non de alteracións na función de VE e datos de HP que poidan condicionar o seguimento.^{9-14,16-17} Poderase considerar completar estudos mediante probas de imaxe cardíaca adicionais en caso de dúbida ou discordancia dos datos cando existe sospeita de gravidade da estenose:

- ETE: avaliación da área valvular aórtica (AVA) por planimetría 2D e 3D e das características da válvula (se é bi ou trivalva).
- Cardio-TC: determinación de *score* de calcio para correlacionar coa probabilidade de estenose aórtica severa.
- Ecocardiograma-dobutamina: con perfusión a dose inicial de dobutamina de 2.5 mcg-5 mcg/kg/min, incremento a 2,5-5 mcg/kg/min cada 3 - 5 min ata un máximo de 20 mcg/kg/min, sen exceder a >15-20 lpm por encima da frecuencia cardíaca basal.
- Ecocardiograma de esforzo: reservado para pacientes con estenose aórtica grave que permanecen asintomáticos, nos que se busque descartar síntomas co exercicio e valorar comportamento hemodinámico.

Definiremos a EAO severa como aquela con velocidade máxima transvalvular aórtica maior de 4 m/s, gradiente medio transvalvular aórtico maior de 40 mmHg e área valvular aórtica calculada menor de 1 cm² (indexada menor de 0,6 cm²/m²)⁹⁻¹⁶. Existen outras dúas entidades que debemos identificar: EAO de BAIXO fluxo BAIXO gradiente con FEVE REDUCIDA e a EAO de BAIXO fluxo BAIXO gradiente con FEVE PRESERVADA. A definición de cada unha destas tres entidades, as probas indicadas para o seu correcto diagnóstico e a resposta ás devanditas probas indícanse na táboa 5 e na figura 4.^{9-14, 16-17}

Táboa 5. Elección de probas diagnósticas de imaxe cardíaca adicionais en función do fenotipo de estenose aórtica con sospeita de gravidade			
	Estenose aórtica de ALTO gradiente con fluxo NORMAL, con FEVE PRESERVADA OU REDUCIDA	Estenose aórtica de BAIXO fluxo, BAIXO gradiente con FEVE REDUCIDA	Estenose aórtica de BAIXO fluxo, BAIXO gradiente, con FEVE PRESERVADA
Definición	Vmax ≥ 4 m/s, Gmed ≥ 40 mmHg e área ≤ 1 cm ² , (área indexada ≤ 0.6 cm ² /m ²)	Vmax < 4 m/s, Gmed < 40 mmHg e área ≤ 1 cm ² (≤ 0.6 cm ² /m ²) en presenza de disfunción sistólica (FEVE < 50 %) e baixo volume sistólico (VSindex ≤ 35 ml/m ²)	Vmax < 4 m/s, Gmed < 40 mmHg e área ≤ 1 cm ² (≤ 0.6 cm ² /m ²) en presenza dunha función sistólica normal (FEVE ≥ 50 %) e baixo volume sistólico (VSindex ≤ 35 ml/m ²)
Primeira proba diagnóstica adicional para considerar		Ecocardiograma-dobutamina	Cardio-TC sen contraste (score de calcio)
Outras probas adicionais para considerar	ETE*	Cardio-TC sen contraste (score de calcio) ETE*	ETE*
Resposta ao eco dobutamina		Aumento de Gmed > 40 mmHg e/ou aumento de Vmax > 4 m/s e persistencia de área < 1 cm ² (< 0.6 cm ² /m ²) Se VSindex aumento > 20 % existe reserva contractil	
* Se existen dúbidas en probas previas, necesidade de valorar outras válvulas, ou segundo dispoñibilidade. Vmax: velocidade máxima transvalvular aórtica. VSindex: volume sistólico indexado. Gmed: Gradiente medio transvalvular aórtico.			

Táboa 5. Elección de probas diagnósticas adicionais e comportamento ante eco-dobutamina segundo o fenotipo de estenose aórtica ante a sospeita de gravidade.

5.3.a.2. Seguimento (figura 4)

Tras definir o grao de EAO, débense realizar ecocardiogramas regrados (anexos 1 e 3) na Unidade de Imaxe Cardíaca coa periodicidade indicada na táboa 6.^{9-14, 16-17}




Figura 4. Diagnóstico e seguimento da estenose aórtica.

Táboa 6. Seguimento de estenose aórtica con ecocardiograma transtorácico		
LIXEIRA (Vmax 2,0-2,9 m/s)	MODERADA (Vmax 3,0-3,9 m/s)	SEVERA ASINTOMÁTICA (Vmax ≥ 4 m/s)
Cada 5 anos	Cada 2 anos Considerar máis frecuente se: - Válvula bicúspide - Calcificación moi importante - Estenose progresiva (>0,3 m/s anual)	Cada 12 meses Considerar maior frecuencia se: - Estenose progresiva (>0,3 m/s anual) - Estenose próxima a moi severa, de acordo con U. Imaxe (Vmax en torno a 5 m/s, Gmed > 60 mmHg) - Dano miocárdico avanzado atribuíble á estenose aórtica*
* Considerar seguimento máis estreito a partir de estadio 3 de dano miocárdico atribuíble á estenose aórtica: - Estadio 3: dano vascular pulmonar/tricúspide (datos de HP severa, insuficiencia tricúspidea maior que moderada). - Estadio 4: dano ventricular dereito (disfunción VD, desacoplamento VD/AP: TAPSE/PSP<0.45).		

Táboa 6. Seguimento da estenose aórtica con ecocardiograma transtorácico. Vmax: Velocidade máxima transaórtica en m/s. Gmed: gradiente medio transvalvular aórtico en mmHg. HP: hipertensión arterial pulmonar. TAPSE: desprazamento do anel lateral tricúspide.

5.3.b. Insuficiencia aórtica

5.3.b.1. Diagnóstico

Na actualidade, a patoloxía da raíz aórtica e a válvula aórtica bicúspide son as causas máis frecuentes de insuficiencia aórtica; outras causas son a dexenerativa (menos frecuente que a estenose aórtica), a secundaria a endocardite infecciosa e a febre reumática.

Do mesmo xeito que noutras valvulopatías, o diagnóstico inicial realizarase mediante un ETT no que se definirá o grao de insuficiencia, a repercusión sobre cavidades, a existencia doutras valvulopatías asociadas e a presenza e o grao de HP co fin de determinar o seguimento posterior. Este ETT inicial realizarase, como comentamos, na consulta de acto único, en Urgencias ou na Unidade de Imaxe, dependendo do lugar no que sexa avaliado o paciente por primeira vez. Se tras un ETT existen datos discordantes con relación á sospeita ou á gravidade da insuficiencia, pódese completar o estudo con probas de imaxe cardíaca adicionais:

- ETE: debe realizarse se hai dúbidas respecto do grao e do mecanismo da IAO. Se se considera realizar tratamento reparador da insuficiencia aórtica, debe facerse un ETE dirixido.
- Eco-doppler de esforzo: solicitarase se hai dúbidas con respecto á clase funcional do paciente ou discrepancias entre biomarcadores, ETT e clínica do enfermo.
- Cardio-RM: se tras o ETE persisten dúbidas ou existe contraindicación para o ETE, débese solicitar unha cardio-RM, que nos permitirá unha cuantificación precisa do grao de insuficiencia (fracción regurxitante), unha valoración do grao de dilatación do VE e a súa función sistólica. Tamén pode solicitarse nos pacientes que presenten unha dilatación de aorta ascendente asociada coa periodicidade indicada no apartado de seguimento de patoloxía de aorta.
- Cardio-TC: nos pacientes que presenten unha dilatación de aorta ascendente asociada debe realizarse (ou cardio-RM) coa periodicidade indicada no apartado de seguimento de patoloxía de aorta. (figura 5).^{9-12,15-16}

5.3.b.2. Seguimento

- Os ETT e resto de probas de seguimento realizaraos a Unidade de Imaxe Cardíaca segundo indícase na táboa 7 e figura 5. Os ETT de seguimento deben realizarse atendendo ás indicacións dos anexos 1 e 3.^{9-12,15-16}




Figura 5. Diagnóstico e seguimento da insuficiencia aórtica.

Táboa 7. Seguimento de insuficiencia aórtica mediante ecocardiograma transtorácico		
LIXEIRA	MODERADA	SEVERA
Cada 5 anos	Cada 2 anos Considerar máis frecuente se: • Válvula bicúspide, dilatación de aorta ascendente asociada • Insuficiencia próxima a grave • Dilatación ventricular esquerda non xustificable por outra causa*	Cada 12 meses Considerar maior frecuencia se: • Válvula bicúspide, dilatación de aorta ascendente asociada • Ventrículo esquerdo dilatado*
* Considerar resonancia magnética cardíaca para cuantificación precisa de insuficiencia aórtica e medida de volumes ventriculares en caso de dúbida ou discordancia nos achados ecocardiográficos (valorar con U. Imaxe).		

Táboa 7. Seguimento de insuficiencia aórtica mediante ecocardiograma transtorácico.

5.3.c. Probas de imaxe previas a intervención valvular aórtica

As probas que debe ter todo paciente que vaia ser sometido a unha intervención cirúrxica ou percutánea da súa valvulopatía aórtica detállanse na táboa 8.⁹⁻¹⁶

Táboa 8. Probas de imaxe cardíaca necesarias antes de presentación para intervención valvular aórtica (estenose ou insuficiencia)			
	SUBSTITUCIÓN VALVULAR AÓRTICA CIRÚRXICA	SUBSTITUCIÓN VALVULAR AÓRTICA PERCUTÁNEA	REPARACIÓN VALVULAR AÓRTICA CIRÚRXICA
Ecocardiograma transtorácico	< 6 meses	< 6 meses	< 6 meses
Cardio-TC sen contraste	< 12 meses* ¹	---	
Cardio-TC con contraste	<12 meses * ²	< 12 meses	<12 meses * ²
ETE			< 6 meses (dirixido)

Táboa 8. Probas de imaxe cardíaca antes de intervencionismo aórtica. ^{*1} Pacientes con achados patolóxicos na escopia (calcificación significativa de aorta ou coronarias) ou con múltiples factores de risco de ateromatose, antecedentes de arteriopatía periférica ou cerebro-vascular. ^{*2} En caso de patoloxía de aorta torácica que requira valoración previa a intervención.

Os ETT e resto de probas de seguimento realizaraos a Unidade de Imaxe Cardíaca segundo se indica na táboa 8. Os ETT de seguimento deben realizarse atendendo ás indicacións dos anexos 1 e 3.⁹⁻¹⁷

5.4. Valvulopatía tricúspide

5.4.a. Insuficiencia tricúspide (IT)

5.4.a.1. Diagnóstico

A causa máis frecuente da IT é a dilatación anular secundaria á dilatación de VD; máis raramente, é consecuencia dunha dilatación anular secundaria a unha dilatación de AD no contexto de FA, secundaria a un infarto de VD, a un cable de marcapasos ou causada por unha alteración intrínseca da válvula. Usualmente, a dilatación de VD é consecuencia dunha HP no contexto doutras patoloxías como miocardiopatías, valvulopatía mitral ou, menos frecuentemente, aórtica, ou patoloxía pulmonar, entre outras.

A proba inicial para o diagnóstico é o ETT, no que debe definirse o grao de IT, a anatomía e función de VD, ademais da existencia de patoloxía do corazón esquerdo, corrixida ou non, que poida considerarse responsable da IT. Tras este primeiro ecocardiograma (anexo 1) pode considerarse completar o estudo da IT de grao significativo (maior que moderado: >III/IV) tras optimizar o tratamento das patoloxías responsables da IT, tras realizar un ETT regulado pola Unidade de Imaxe (anexos 1 e 4) e considerar que o paciente é subsidiario dun tratamento intervencionista da IT.^{9-12, 14-16,18}

As probas para realizar para completar o estudo da IT son:

- ETE: primeira proba que hai que realizar para valorar a opción de tratamento percutáneo ou cirúrxico (illado ou asociado a un tratamento doutra valvulopatía), que permite unha cuantificación precisa, valoración de mecanismo e anatomía da válvula para valorar opcións terapéuticas invasivas. Este ETE debe ser acordado coa Unidade de Imaxe.
- Cardio-TC: solicitarase para unha adecuada valoración do mecanismo en casos con IT e presenza de marcapasos e na planificación de procedementos de intervencionismo estrutural sobre a válvula que así o requiran (próteses valvulares, aneis...).
- Cardio-RM: resérvase como método de referencia para avaliación de volumes e función de VD, e é útil para avaliar a repercusión da IT en caso de discordancia ou dúbidas sobre a súa gravidade na avaliación ecocardiográfica (cuantificación de volume e fracción regurxitante), e se é preciso descartar curtocircuíto. Hai que solicitala sempre de acordo coa Unidade de Imaxe (figura 6).^{9-12, 14-16,18}

5.4.a.2. Seguimento

O seguimento da IT dependerá de se estamos ante unha IT illada ou unha IT combinada con enfermidade valvular esquerda de menor grao. En caso de coexistir valvulopatía aórtica ou mitral, primará o seguimento da valvulopatía de maior grao ou que marque a necesidade de vixilancia máis estreita. A IT funcional mostra a miúdo un comportamento dinámico. En caso de detectarse incremento de grao (sendo $\geq$ III/V), deberase optimizar o tratamento e as condicións de volemia do paciente, e confirmar o grao da IT nun seguinte estudo no prazo aproximado de 6 meses pola Unidade de Imaxe. A repercusión da IT en ventrículo dereito e circulación pulmonar é un aspecto fundamental para avaliar a necesidade de tratamento dirixido, polo que deberá adecuarse o seguimento aos datos de repercusión hemodinámica. A IT funcional $\geq$ III/V pode infraestimar a presión sistólica de arteria pulmonar (PSP), e será necesario o estudo invasivo con cateterismo dereito. A solicitude de probas seriadas débese axustar de forma razoable, e só se se prevé que acheguen información útil que supoña cambios na actitude terapéutica (ex.: manexo conservador en comparación con manexo invasivo). O seguimento realizarase atendendo ás premisas comentadas previamente, e segundo se indica na táboa 9 e na figura 6.^{9-12, 14-16,18}




Figura 6. Diagnóstico e tratamento da insuficiencia tricúspide.

Táboa 9. Seguimento de insuficiencia tricúspide mediante ETT			
LIXEIRA (grao I)	MODERADA (grao II)	SEVERA (grao III)	MASIVA (grao IV) ou TORRENCIAL (grao V)
Non precisa seguimento específico	Cada 3 anos - Considerar máis frecuente en caso de dilatación ou disfunción VD ou de HP significativa	Cada 12 meses - Considerar máis frecuente en caso de dilatación ou disfunción VD ou de HP significativa - Considerar probas adicionais de imaxe (ETE/cardioTC/cardio-RM) se se expoñen opcións terapéuticas	Cada 6 meses (se se considera que poden existir alternativas terapéuticas) - Considerar probas adicionais (ETE/cardio-TC/cardio-RM) se se expoñen opcións terapéuticas

Táboa 9. Seguimento da insuficiencia tricúspide mediante ecocardiograma transtorácico.

5.4.b. Estenose tricúspide (ETri)

5.4.b.1. Diagnóstico

A causa máis frecuente de ETri é a febre reumática. Outras causas menos frecuentes son anomalías encimáticas (carcinoide, enfermidade de Fabry, enfermidade de Whipple ou secundarias ao tratamento con determinados fármacos) e máis raramente secundaria a endocardite infecciosa.

Do mesmo xeito que noutras valvulopatías o diagnóstico inicial debe realizarse cun ETT para definir o grao de estenose e a repercusión sobre cavidades cardíacas, ademais de confirmar a existencia ou non doutras valvulopatías para así planear o seguimento. Tras o ETT inicial ou ao longo do seguimento pódese considerar realizar un ETE para determinar o mecanismo ou cuantificar a gravidade de forma adecuada. Tamén debe facerse un ETE se se sospeita que é hemodinamicamente significativa e se considera abordaxe terapéutica invasiva, así como para estudar outras valvulopatías asociadas. Considérase que unha ETri é hemodinamicamente significativa se ten un Gmed >5 mmHg a unha frecuencia cardíaca normal (60-80 lpm), IVT > 60 cm, u THP ≥ 190 ms e área valvular ≤ 1 cm².⁹⁻¹³

5.4.b.2. Seguimento

O seguimento mediante ETT individualízase en función das características da ETri (hemodinamicamente significativa ou non), a presenza doutra patoloxía valvular asociada e a formulación terapéutica (conservador/invasivo).⁹⁻¹³

5.4.c. Probas de imaxe previas á intervención valvular tricúspide

As probas para realizar antes dunha intervención sobre a válvula tricúspide móstranse na táboa 10.^{9-16,18}

Táboa 10. Probas de imaxe cardíaca necesarias antes de intervención valvular tricúspide (estenose ou insuficiencia)		
	INTERVENCIÓN CIRÚRXICA (a miúdo combinada con outra valvulopatía)	INTERVENCIÓN PERCUTÁNEA
Ecocardiograma transtorácico	< 6 meses	< 6 meses
Ecocardiograma transesofáxico	---	< 6 meses. Se se precisa para planificación de procedementos
Cardio-TC con contraste	---	< 6 meses. Se precisa para planificación de procedementos

Táboa 10. Probas de imaxe que se han de realizar previamente a unha intervención sobre a válvula tricúspide.

5.5. Seguimento de próteses

5.5.a. Seguimento de próteses mecánicas

Ante a falta de uniformidade con relación ao seguimento das próteses mecánicas polas diferentes sociedades científicas, a nosa recomendación de seguimento é (táboa 11):

- ETE intraoperatorio tras saída de bomba supervisado por cardiólogo.
- ETT antes de tres meses tras o implante, idealmente antes da alta tras a cirurxía.
- ETT 6-12 meses tras a cirurxía, se os gradientes eran superiores ao referido pola ficha técnica da prótese, para descartar que estivesen en relación con anemia poscirurxía.
- ETE e/ou fluoroscopia se hai gradientes postoperatorios excesivamente elevados ou sospeita de trombose protética.
- ETT cada 5 anos se hai próteses normofuncionante en ETT tras cirurxía.
- ETT preferente ante a sospeita de disfunción protética en seguimento.
- ETE ante a sospeita de disfunción protética en seguimento, se se considera oportuno pola Unidade de Imaxe.

- Non se debe solicitar ETT naqueles pacientes nos que, pola súa idade ou comorbilidades, non se vaia realizar un cambio terapéutico en ningún caso.
- Nos ETT e ETE débense seguir as recomendacións do anexo 5.^{10-12,19-20}

Táboa 11. SEGUIMIENTO DE PRÓTESES

Momento	Prótese Mecánica	Prótese Biolóxica	Prótese percutánea AO	Válvulas mitrais reparadas percutaneamente
Implante	• ETE intraQX por cardiólogo	• ETE intraQX por cardiólogo		• ETE intraprocedemento por cardiólogo de imaxe
Seguimento	• ETT antes de 3 meses do implante ideal antes da alta • ETT 6-12m posQx se hai gradientes altos • ETT cada 5 anos se non hai complicacións • ETT preferente se hai cambios clínicos • ETE se se sospeita disfunción (tras ETT) • Fluoroscopia se hai sospeita de trombose non aclarada con ETE	• ETT antes de 3 meses do implante ideal antes do alta • ETT 12 meses posQx • ETT en ano 3 e 6; despois ETT bienal (se non hai complicacións) • ETT preferente se hai cambios clínicos • ETE se se sospeita disfunción (tras ETT) • Cardio-TC ante sospeita de trombose protética	• ETT antes da alta postimplante • ETT 12m postimplante • ETT cada 2 anos os catro primeiros anos, despois cada 3 anos se non hai complicacións • ETT preferente se hai cambios clínicos • ETE se se sospeita disfunción (tras ETT) • Cardio-TC ante sospeita de trombose protética	• ETT antes da alta postimplante • ETT 12 meses postimplante • ETT anual os dous primeiros anos Posteriormente, ETT cada 2 anos se non hai complicacións • ETT preferente se hai cambios clínicos • ETE se se sospeita disfunción (tras ETT)

Táboa 11. Seguimento de próteses. IntraQx: en quirófano, tras saír de bomba. PostQX: tras ser intervido o paciente.

5.5.b. Seguimento de próteses biolóxicas

Ante a falta de uniformidade en relación co seguimento das biopróteses polas diferentes sociedades científicas, a nosa recomendación de seguimento é (táboa 11):

- ETE intraoperatorio tras a saída de bomba, supervisado por cardiólogo.
- ETT antes de tres meses tras o implante, idealmente antes da alta tras a cirurxía.
- Non se debe solicitar ETT nin ETE no seguimento daqueles pacientes nos que, pola súa idade ou comorbilidades, non se vaia realizar un cambio terapéutico con relación ao resultado da proba, independentemente da clínica do paciente.
- ETT 12 meses tras a cirurxía.
- ETE se hai gradientes postoperatorios excesivamente elevados ou sospeita de trombose protética.
- Tras o implante protética, sempre que a prótese sexa normofuncionante no ETT realizado ao ano do implante, débese realizar un ETT aos 3 e aos 6 anos

postimplante; despois, ETT bienal salvo cambios significativos nunha ETT con respecto ao previo.

- ETT preferente ante a sospeita de disfunción protética en seguimento.
- ETE ante a sospeita de disfunción protética en seguimento, se se considera oportuno pola Unidade de Imaxe.
- Cardio-TC ante a sospeita de trombose protética, tras ETT e ETE e de acordo coa Unidade de Imaxe.
- Nos ETT e ETE débense seguir as recomendacións do anexo 5.^{10-12,19-20}

5.5.c. Seguimento de próteses aórticas percutáneas

As diferentes sociedades científicas recomendan seguimento con ETT anual nas próteses aórticas percutáneas. Tendo en conta que esas próteses se implantan con frecuencia en pacientes rexeitados para cirurxía ou en pacientes de idade avanzada, o seguimento estrito das guías de actuación clínica pode dar lugar a probas fútiles, dado que non cambian a nosa actitude terapéutica e obrigan a enfermos con mobilidade reducida a acudir ao hospital. Por isto, o seguimento dos pacientes con prótese aórtica percutánea no noso centro realizárase do seguinte modo (táboa 11):

- ETT antes da alta tras o implante.
- ETE se se dan gradientes postoperatorios excesivamente elevados ou presenza de fugas periprotéticas que condicionen nova actuación percutánea antes da alta ou nos fan sospeitar unha trombose protética.
- Non se debe solicitar ETT nin ETE no seguimento daqueles pacientes nos que, pola súa idade ou comorbilidades, non se vaia realizar un cambio terapéutico con relación ao resultado da proba, independentemente da clínica do paciente.
- ETT 12 meses tras o implante.
- Tras o implante protético, sempre que a prótese sexa normofuncionante no ETT realizado ao ano do implante, débese realizar un ETT cada 2 anos os primeiros 4 anos postimplante; posteriormente, cada 3 anos se as condicións do enfermo o recomendan e se se prevé expor un cambio de actitude terapéutica con relación aos achados do ETT.

- ETT preferente ante a sospeita de disfunción protética en seguimento.
- ETE ante a sospeita de disfunción protética en seguimento, se se considera oportuno pola Unidade de Imaxe.
- Cardio-TC ante a sospeita de trombose protética tras ETT e ETE e de acordo coa Unidade de Imaxe.
- Nos ETT e ETE débense seguir as recomendacións do anexo 5.^{10-12,19-20}


5.6. Endocardite

A endocardite supón un reto diagnóstico, especialmente en pacientes portadores de dispositivos e próteses. As TIMAXC teñen un papel fundamental no seu diagnóstico e seguimento. Nas últimas guías de endocardite publicadas pola Sociedade Europea de Cardiología en 2015 propónse unha modificación aos criterios modificados de Duke, que abre a opción a técnicas de imaxe cardíaca máis aló da ecocardiografía. Atendendo a estas últimas guías e tendo en conta o documento de consenso de endocardite sobre dispositivos de diferentes sociedades científicas publicado en 2020, propónse o seguinte manexo das TIMAXC no diagnóstico e seguimento dos pacientes con sospeita de endocardite ou endocardite diagnosticada:

- ETT a todo enfermo con sospeita de endocardite.
- ETE preferente se o ETT é negativo e hai alta sospeita ou o paciente é portador de prótese ou dispositivo, consensuado coa Unidade de Imaxe.
- ETE preferente se o ETT é positivo para descartar complicacións perivalvulares ou periprotéticas, consensuado coa Unidade de Imaxe.
- ETE tras 4-10 días (segundo o xerme e coordinado pola Unidade de Imaxe) dun ETE positivo para endocardite.
- Se hai alta sospeita, ETT e ETE negativo e paciente portador de prótese ou dispositivo intracardíaco con máis de 3 meses, tras o implante facer ¹⁸FDG-PET-TC.
- Se ETT e ETE negativo e hai alta sospeita de endocardite ou o paciente é portador de prótese ou dispositivo intracardíaco con menos de 3 meses tras

o implante, débese facer novo ETE (<10 días) ou valorar cardio-TC segundo indicacións da Unidade de Imaxe Cardíaca.

- Se ETT e ETE son positivos e o paciente é portador de prótese aórtica con sospeita de complicación periprotética, facer cardio-TC, consensuado coa Unidade de Imaxe.
- ETT seguido de ETE urxente-preferente ante a aparición de complicacións clínicas.
- ETE precirurxía e á saída de bomba supervisado por un cardiólogo.
- ETT cada 15 días durante o tratamento, se non hai complicacións.
- ETE ao finalizar o tratamento antibiótico.
- ETT tras 6 meses da alta, e posteriormente en función da lesión valvular residual.^{10-12, 21-22}



INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN PATOLOXÍA DA AORTA TORÁCICA

6. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN PATOLOXÍA DA AORTA TORÁCICA

6.1. Consideracións xerais

Detallaranse neste documento as indicacións consideradas adecuadas no noso centro para a realización de ETT, ETE, cardio-TC e cardio-RM no contexto do diagnóstico e seguimento de patoloxía da aórtica torácica.

Evitarase o cardio-TC (proba que implica radiación e utilización de contraste iodado a maior parte das veces) sempre que haxa unha posible técnica de imaxe alternativa, en pacientes novos que requiran múltiples probas seriadas e en mulleres en idade reprodutiva. Cando se realice cardio-RM valoraranse as opcións de imaxe sen contraste cando se considere que non supón un detrimento na información necesaria.

O equipo da Unidade de Imaxe Cardíaca poderá intercambiar o tipo de proba ETT/ETE/cardio-TC/cardio-RM cando sexa necesario considerando aspectos propios do paciente (información que é necesario obter, alerxias, idade, función renal...) e dispoñibilidade destas.

Os seguimentos realizaranse co mesmo tipo de proba cando sexa posible. Preferirase o cardio-TC, cando sexa factible, para sentar a indicación de intervención.

Se os posibles resultados da proba non van supoñer un cambio no tratamento/actitude tomada co paciente, non se debe solicitar esa proba (p. ex., paciente de idade avanzada, dependente e fráxil no que non se consideraría cirurxía a pesar de presentar indicación).

6.2. Aneurisma de aorta torácica

Do mesmo xeito que noutras patoloxías, o ecocardiograma transtorácico é a técnica de preferencia para o diagnóstico. No informe do ETT débese indicar se a visualización dos diferentes segmentos da aorta torácica é adecuada (seos de Valsalva, unión sinotubular, aorta ascendente, arco e aorta descendente distal) para decidir a adecuación desta proba para o seguimento, así como o lugar de máxima dilatación. Ademais, débese indicar a existencia asociada de valvulopatía aórtica, o grao desta e a repercusión sobre cavidades. Tras o ETT diagnóstico, débese considerar realizar un cardio-TC ou cardio-RM para comprobar a ausencia de maior

dilatación en segmentos non visualizados por ETT e a correlación entre probas de cara ao seguimento.^{23-24,26}

Tras o ecocardiograma inicial, débese realizar o seguimento como se indica a continuación, sempre que o grao de insuficiencia aórtica non esixa probas con menor intervalo de tempo. A selección de técnicas diferentes ao ETT pode ligarse a unha indicación en relación coa valvulopatía aórtica asociada se a hai. Na táboa 12 resúmense as indicacións de seguimento dos aneurismas de aorta torácica.

- Control aos 12 meses coa proba con que se vaia realizar o seguimento (p. ex., ETT se hai boa correlación con cardio-TC; cardio-TC se os diámetros da aorta están próximos á indicación de intervención; Débese realizar cardio-RM se o segmento non se visualiza adecuadamente por ETT).
- Se o diámetro é >50 mm ao diagnóstico: considerar control en 6 meses ata probar estabilidade.
- Seguimento-control cada 6 meses: se ≥ 50 mm e crecemento por baixo de indicación de intervención.
- Seguimento-control anual: se o diámetro é <50 mm ou se ≥ 50 mm estable.
- Seguimento-control cada 2-3 anos: se o diámetro é <50 mm e estable.
- En caso de realizar seguimento con ETT, considerar cardio-TC/cardio-RM cada 5 anos para descartar progresión en segmentos mal visualizados por ETT.^{23-24,26}

Táboa 12. Seguimento aneurismas de aorta torácica			
TAMAÑO DA AORTA	ETT	Cardio-TC	Cardio-RM
Diámetro <50 mm tras confirmar estabilidade e se hai seguimento anual	• Cada 2-3 anos*¹	• Cada 2-3 anos*² • Cada 5 anos se hai seguimento habitual con ETT	• Cada 2-3 anos*² • Cada 5 anos se hai seguimento habitual con ETT
Diámetro >50 mm ao diagnóstico ou no seguimento con crecemento menor que indicación de intervención	• Cada 6 meses*¹	• Cada 6 meses*² • Cada 5 anos se hai seguimento habitual con ETT	• Cada 6 meses*² • Cada 5 anos se hai seguimento habitual con ETT
Diámetro >50 mm estable	• Anual*¹	• Anual.*² • Cada 5 anos se hai seguimento habitual con ETT	• Anual*² • Cada 5 anos se hai seguimento habitual con ETT

Táboa 12. Seguimento aneurismas de aorta torácica. *¹ Se é estable e hai boa correlación con proba tomográfica. *² Se hai mala correlación con ETT, acordar con Unidade de Imaxe aínda que a preferencia é a cardio-RM especialmente en pacientes novos e mulleres.

6.3. Síndrome de Marfan

Nos pacientes con síndrome de Marfan, ademais de realizar un ETT no momento do diagnóstico no que se detalle todo o comentado no apartado correspondente a aneurismas de aorta torácica, débese realizar un cardio-TC ou unha cardio-RM para valorar a correlación das medidas obtidas coas do ETT con vistas ao seguimento.

O seguimento realizarase do seguinte modo, sempre que non se demostre valvulopatía aórtica (usualmente insuficiencia aórtica) asociada que requira seguimento máis frecuente (táboa 13, figura 7):

- Se hai dimensións normais ao diagnóstico: ETT anual e cardio-RM/cardio-TC cada 2-5 anos.
- Se se dá aneurisma unicamente en raíz aórtica: repetir ETT (se hai boa correlación) en 6 meses para ver progresión. Se é estable (progresión <3 mm/ano) e <45 mm, control con ETT anual e cardio-RM/cardio-TC cada 2-5 anos.
- Se hai algún segmento aneurismático distal a raíz, repetir cardio-RM/cardio-TC en 6 meses para ver a progresión. Se estable e <45 mm, control con cardio-RM/cardio-TC anual.
- Se é ≥ 45 mm ou crecemento ≥ 3 mm/ano, control cada 6 meses.^{23-24,26}




Figura 7. Diagnóstico e seguimento da patoloxía da aorta na Síndrome Marfan.

Táboa 13. Seguimento da aorta en síndrome de Marfan			
TAMAÑO AORTA	ETT	CARDIO-TC	CARDIO-RM
Normal	• Anual	• Cada 2-5 anos	• Cada 2-5 anos
Aneurisma de raíz non estable (crecemento >3mm/ano)	• Cada 6 ^{*1} meses ata estabilidade	• Cada 6 meses ^{*2} ata estabilidade	• Cada 6 meses ^{*2} ata estabilidade
Aneurisma de raíz < 45mm e estable	• Anual	• Anual ^{*2} • 2-5 anos ^{*3}	• Anual ^{*2} • 2-5 anos ^{*3}
Aneurisma de raíz > 45 mm e estable	• Cada 6 meses ^{*1}	• Cada 6 meses ^{*2}	• Cada 6 meses ^{*2}
Aneurisma distal a raíz non estable ou > 45mm		• Cada 6 meses ^{*4}	• Cada 6 meses ^{*4}
Aneurisma distal a raíz estable ou <45 mm		• Anual ^{*4}	• Anual ^{*4}

Táboa 13. Seguimento da aorta en Síndrome de Marfan. ^{*1}Se hai boa correlación con proba tomográfica. ^{*2}Se hai mala correlación con proba tomográfica acordar coa Unidade de Imaxe aínda que a preferencia é cardio-RM. ^{*3}Se hai seguimento ETT, acordar coa Unidade de Imaxe primando cardio-RM. ^{*4}Acordar coa Unidade de Imaxe primando cardio-RM.

6.4. Válvula aórtica bicúspide

A proba para realizar para o diagnóstico é o ETT, no que hai que valorar o tamaño da aorta e a existencia de valvulopatía aórtica asociada (estenose ou insuficiencia), e a súa repercusión sobre cavidades. Tras o ETT debe realizarse, de acordo coa Unidade de Imaxe, unha proba tomográfica para confirmar a existencia de correlación nas medidas da aorta co ETT e descartar a existencia de aumento de tamaño da aorta en segmentos non accesibles ao ETT.

No seguimento con ETT, primará o que esixa maior vixilancia (a valvulopatía ou a aorta). O seguimento da aorta debe realizarse do seguinte modo (táboa 14 e figura 8):

- Se as dimensións son normais ao diagnóstico: ETT segundo necesidade por valvulopatía aórtica. Considerar reavaliar cada 5 anos con cardio-RM/cardio-TC.
- Se hai aneurisma ≥ 50 mm ou crecemento ≥ 3 mm/ano, control cada 6 meses (ata comprobar estabilidade ou indicación de intervención). Se a aorta está estable, débese realizar un control anual.^{23-24,26}

ALGORITMO DE DIAGNÓSTICO E SEGUIMIENTO DA VÁLVULA AÓRTICA BICÚSPIDE




Figura 8. Diagnóstico e seguimento da patoloxía da aorta en pacientes con aorta bicúspide.

6.5. Síndrome de Turner

En todas as pacientes con síndrome de Turner débese realizar un ETT para o diagnóstico inicial, seguido de cardio-RM ou cardio-TC, acordado coa Unidade de Imaxe Cardíaca, para confirmar que existe correlación nas medidas co ETT. O seguimento dependerá do tamaño no momento do diagnóstico, da zona afectada e a correlación entre as medidas tomográficas e o ETT e do risco de disección. Atendendo a todos estes ítems, o seguimento será o seguinte (táboa 14):

- Se as dimensións son normais ao diagnóstico e non hai factores de risco de disección: ETT cada 3-5 anos.
- Se as dimensións son normais ao diagnóstico e hai risco moderado de disección: cardio-RM cada 3-5 anos.
- Se hai alto risco de disección: cardio-RM cada 1-2 anos (figura 9).^{23-24,26}




Figura 9. Diagnóstico e tratamento da patoloxía da aorta en pacientes con Síndrome de Turner.

6.6. Síndrome de Loeys-Dietz

O diagnóstico realízase cun ETT seguido de cardio-TC ou cardio-RM acordado coa Unidade de Imaxe Cardíaca para confirmar que existe correlación nas medidas co ETT. Tras o seguimento, débese repetir nun ano a proba que mellor mida a aorta das mencionadas previamente. O seguimento posterior realízase do seguinte modo (táboa 14, figura 10):

- Se as dimensións son <40 mm e son estables (crecemento <3 mm/ano): repetir anualmente.
- Se as dimensións son >40 mm e o crecemento e >3 mm/ano e non se indicou intervención: seguimento cada 6 meses.²³⁻²⁴

ALGORITMO DE DIAGNÓSTICO E SEGUIMENTO DA SÍNDROME LOEYS-DIETZ




Figura 10. Diagnóstico e seguimento da patoloxía da aorta na Síndrome de Loeys-Dietz.

Táboa 14. Seguimento aorta

PATOLOXÍA	TAMAÑO AORTA	ETT	CARDIO-TC	CARDIO-RM
AO BICÚSPIDE	Normal	• Segundo valvulopatía	• Cada 5 anos ^{*1}	• Cada 5 anos ^{*1}
	< 50 mm e estable	• Anual	• Anual ^{*3}	• Anual ^{*3}
	> 50 mm ou non estable	• Semestral ata conseguir estabilidade despois anual ^{*2}	• Semestral ata conseguir estabilidade despois anual ^{*3}	• Semestral ata conseguir estabilidade despois anual ^{*3}
S. DE TURNER	Normal e non F de R de disección	• Cada 3-5 anos		
	Normal e risco moderado de disección			• Cada 3-5 anos
	Alto risco de disección			• Cada 1-2 anos
S. LOEYS-DIETZ	< 40 mm e estable	• Anual	• Anual ^{*3}	• Anual ^{*3}
	> 40 mm ou non estable	• Cada 6 meses	• Semestral ^{*3}	• Semestral ^{*3}

Táboa 14. Seguimento aorta en diferentes patoloxías. ^{*1} Acordado coa Unidade de Imaxe primando cardio-RM. ^{*2} Ata estabilidade ou indicación de intervención. ^{*3} Acordar periodicidade coa Unidade de Imaxe se non hai correlación coa ETT (primar cardio-RM).^{23-24,26}


6.7. Coartación de aorta

O seguimento realizarase segundo o indicado na parte desta guía correspondente a cardiopatías conxénitas.^{23-24,26}

6.8. Control tras cirurxía de aorta torácica

Tras a cirurxía da aorta torácica debe realizarse un ETT antes da alta para descartar complicacións postoperatorias inmediatas. Posteriormente, debemos realizar controis periódicos do seguinte modo:

- Primeiro control: cardio-TC (cardio-RM) 3-6 meses tras cirurxía.
- Controis anuais. Se se confirma estabilidade, realizar cada 2-3 anos.
- Variabilidade no seguimento segundo diámetros de segmentos non tratados.^{23-24,26}



INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN INSUFICIENCIA CARDÍACA (IC)

7. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN INSUFICIENCIA CARDÍACA (IC)

7.1. Consideracións xerais

Este documento inclúe as indicacións consideradas adecuadas no noso centro para a realización de ETT, cardio-TC, cardio-RM e probas de medicina nuclear, no contexto do diagnóstico e seguimento de insuficiencia cardíaca (IC). Neste documento non se abordará o manexo de miocardiopatías concretas, valvulopatías ou cardiotoxicidade.

Todo paciente remitido a cardio-RM debe ter un ETT regulado realizado pola Unidade de Imaxe. Cando os posibles resultados da proba non vaian supoñer un cambio no tratamento/actitude tomada co paciente, non debe solicitarse esa proba.

7.2. Indicacións de ecocardiograma transtorácico (ETT)

Tras o diagnóstico de IC, debe realizarse un ETT regrado (anexo 1) pola Unidade de Imaxe para establecer tamaño e función ventricular, existencia de valvulopatías, patrón de enchido mitral e existencia ou non de HP. No seguimento dos pacientes con FEVE reducida, débéselle solicitar ETT á Unidade de Imaxe nos seguintes casos:

- Pacientes con IC e FEVE reducida tras a optimización de tratamento médico previo á alta a consulta de cardioloxía xeral, alta a Atención Primaria ou indicación dun dispositivo tipo DAI ou TRC ou un sistema de reparación mitral percutáneo.
- No seguimento de IC con cambio na situación clínica.
- Tras o implante de marcapasos/desfibrilador automático implantable (DAI) / terapia de resincronización (TRC) e aparición de síntomas en probable relación con estimulación/axuste subóptimo.
- En pacientes con IC con FEVE reducida para avaliar terapias avanzadas: asistencia ventricular ou transplante cardíaco.²⁵⁻²⁶

7.3. Indicacións de cardiorresonancia (cardio-RM)

Como se comentou ao comezo deste apartado, todo paciente derivado a cardio-RM debe ter un ETT regulado realizado pola Unidade de Imaxe segundo o anexo 1. Tras este, solicitarase unha cardio-RM nos seguintes casos:

- Estudo etiolóxico en pacientes con IC e FEVE reducida para avaliar estrutura e función cardíaca e realizar caracterización tisular.
 - Como regra xeral realizarase tras optimización de tratamento médico.
 - En pacientes con mala evolución inicial considerárase realizar cardio-RM máis precozmente.
 - Cardio-RM será a primeira opción para descartar orixe isquémica de disfunción ventricular en pacientes con baixo risco isquémico.
- Poderase considerar para reavaliar FEVE en pacientes con mala ventá ecocardiográfica, e sempre de acordo coa Unidade de Imaxe.
- Especialmente indicada cando se sospeite: amiloidose, sarcoidose, Chagas, Fabry, non-compactación ou sobrecarga de ferro.
- Antes de implante de DAI/TRC (se non tiñan cardio-RM previa recente).
- Valoración de viabilidade miocárdica cando sexa preciso para tomar unha decisión sobre revascularización miocárdica; a cardio-RM será a primeira proba que realizar.²⁵⁻²⁶

Nos pacientes portadores de marcapasos/DAI/TRC, individualizarase a indicación valorando a rendibilidade diagnóstica da proba, alternativas e riscos (sobre todo con dispositivos non-condicionais en pacientes dependentes de marcapasos), dado que o feito de que un dispositivo sexa condicional para RM non implica que non vaia producir artefactos que impidan unha adecuada calidade diagnóstica do estudo.

7.4. Indicacións de cardio-TC

As indicacións do cardio-TC son limitadas neste grupo de pacientes. Pódese solicitar cardio-TC nos seguintes casos:

- Cardio-TC de arterias coronarias: poderá considerarse para excluír enfermidade coronaria en pacientes con risco baixo-intermedio e con resultados equívocos doutras probas.
- Cardio-TC funcional: poderase considerar a valoración de función sistólica ventricular en pacientes nos que a valoración da función sistólica por ETT (+ contraste) e cardio-RM non é adecuada (imaxe subóptima) ou está contraindicada.²⁵⁻²⁶

7.5. Indicacóns de Medicina Nuclear

En pacientes con IC, sempre tras realizar un estudo con ETT regulado na Unidade de Imaxe, solicitarase estudo de medicina nuclear nas seguintes indicacións:

- **SPECT de perfusión miocárdica:** poderá considerarse un SPECT de perfusión miocárdica en repouso baixo efecto vasodilatador para estudo de viabilidade cando outras probas non resulten concluíntes ou estean contraindicadas.
- **¹⁸FDG-PET:** (logo de preparación cardíaca): estará indicado cando se sospeita enfermidade inflamatoria miocárdica (principalmente sarcoidose) para o diagnóstico de actividade/inflamación e no seguimento para avaliar resposta a tratamento.
- **Gammagrafía con ^{99m}Tc-DPD:** indicado ante sospeita de amiloidose cardíaca. ²⁵⁻²⁶



INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN CARDIOPATÍA ISQUÉMICA

8. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN CARDIOPATÍA ISQUÉMICA

8.1. Consideracións xerais

Este documento inclúe as indicacións consideradas adecuadas no noso centro para a realización de ETT, cardio-TC, cardio-RM e probas de medicina nuclear, no contexto do diagnóstico e seguimento da síndrome coronaria crónica.

Como se comentou previamente en relación co ICC, todo paciente remitido a cardio-RM debe realizar un ETT regulado pola Unidade de Imaxe.

Do mesmo xeito que no resto de patoloxías, se os posibles resultados da proba non van supoñer un cambio no tratamento/actitude tomada co paciente, non se debe de solicitar a dita proba.

8.2. Síndrome Coronaria Crónica (SCC)

En pacientes con sospeita de cardiopatía isquémica crónica as probas que haberá que realizar serán:

a. Ecocardiograma transtorácico: débese realizar

- En pacientes non estudados previamente por esta patoloxía, nun primeiro contacto médico con sospeita de síndrome coronaria crónica, para avaliar a función sistólica e excluír outras causas de anxina (miocardiopatías, valvulopatías...).²⁷⁻²⁸

b. AnxioTC de arterias coronarias:

- É a proba de primeira elección en pacientes con anxina (ou equivalente anxinoso) estable en clase funcional I-II da CCS de polo menos 2 semanas de duración. En función dos resultados do anxio-TC, continuarase no proceso diagnóstico como se indica na táboa 15.
- Pacientes con enfermidade coronaria coñecida e revascularización cirúrxica nos que interese valorar permeabilidade dos enxertos (previo a TAVI ou cirurxía cardíaca).²⁶⁻²⁸

Táboa 15. Actitude para seguir tras anxio-TC en SCC	
Resultado anxio-TC	Proba para realizar
Lesión >50 % de TC (CAD-RADS 4b)	- Coronariografía
Lesións severas severa (CAD-RADS 4-5)	- TMO, non outras probas - Se tras TMO persiste anxina valorar coronariografía
Lesións moderadas (CAD-RADS 3)	- Test de detección de isquemia (preferente eco esforzo)
Lesións non-significativas (CAD-RADS 0-2)	- Considerar diagnósticos alternativos sen máis probas de imaxe cardíaca
Estudo non-diagnóstico (CAD-RADS N)	- Test de detección de isquemia se a clínica non é definitiva

Táboa 15. Actitude para seguir tras un anxio TC en SCC. TCI: tronco principal esquerdo. CAD-RADS: *Coronary Artery Disease-Reporting and Data System*. TMO: tratamento médico óptimo.

c. Probas de detección de isquemia (resonancia de esforzo, ecocardiograma de esforzo e SPECT):

- Pacientes con anxina (ou equivalente anxinoso) en clase funcional I-II da CCS durante polo menos dúas semanas, nos que non se poida realizar anxio-TC de arterias coronarias (peso > 227 kg, imposibilidade de conseguir FC < 70 lpm, características clínicas que fagan probable un estudo non-diagnóstico, alerxia sospeitada ou coñecida a contrastes iodados, claustrofobia...).
- Pacientes con enfermidade arterial coronaria coñecida, revascularización completa e recorrencia de anxina máis aló dos 3 primeiros meses tras o procedemento (en pacientes con recorrencia precoz da anxina, valorar coronariografía).
- Pacientes con enfermidade arterial coronaria coñecida non-revascularizada ou con revascularización incompleta con anxina limitante a pesar do tratamento médico máximo tolerado.
- No caso particular dos pacientes con oclusión crónica e anxina limitante a pesar do tratamento médico máximo tolerado, valorar estudo de isquemia/viabilidade antes da revascularización (preferentemente resonancia de estrés).
- Priorizarase o eco de esforzo sobre o SPECT. Considéranse pacientes con mala ventá para ecocardiograma de esforzo aqueles nos que en condicións de repouso ou esforzo non se poden avaliar polo menos 2 segmentos desde as vistas apicais; nestes casos, recoméndase utilizar ecocardiograma de esforzo con ecopotenciador. Naqueles pacientes en que non se poida realizar ecocardiograma de esforzo ou de estrés farmacolóxico, indicárase cardio-RM de estrés farmacolóxico ou SPECT de

esfuerzo ou de estrés farmacolóxico, de acordo coa Unidade de Imaxe Cardíaca e o clínico responsable do enfermo.

- Naqueles pacientes en condicións de realizar exercicio, priorizaranse os tests de detección de isquemia con exercicio (ecocardiograma de esforzo e SPECT de esforzo/repouso) sobre os tests farmacolóxicos (ecocardiograma de esforzo con dobutamina e SPECT con regadenosón). Naqueles pacientes en que non se poida realizar eco de estrés farmacolóxico, pódese valorar SPECT de estrés farmacolóxico ou cardio-RM de estrés farmacolóxico, ou valorar o cardio-TC de perfusión tras ser consensuado pola Unidade de Imaxe Cardíaca e o clínico responsable do paciente.²⁶⁻²⁸

En pacientes xa estudados, sen disfunción ventricular, asintomáticos ou con síntomas estables, non se recomenda realizar probas de imaxe co único obxectivo de estratificar o risco. En presenza de disfunción ventricular, aplícanse as recomendacións do apartado de insuficiencia cardíaca.²⁶⁻²⁸

8.3. Infarto agudo de miocardio con elevación persistente do segmento ST (SCACEST)

Nos pacientes con SCACEST debemos realizar:

a.- Ecocardiograma transtorácico:

- Previo á coronariografía (por parte do equipo médico de garda):
 - Pacientes nos que a exploración física indique a presenza de complicación mecánica (rotura cardíaca, comunicación interventricular ou rotura de músculo papilar).
 - Pacientes con *shock* cardioxénico ou inestabilidade hemodinámica.
 - Pacientes nos que persisten dúbidas tras a valoración inicial con electrocardiograma, co fin de identificar posibles alteracións segmentarias da contractilidade.
- Tras a coronariografía (estudo regrado por parte da Unidade de Imaxe Cardíaca):
 - Todos os pacientes antes da alta, para valorar función sistólica e despistaxe de trombo intraventricular e outra cardiopatía estrutural coexistente (valvulopatías, miocardiopatías...).

- Débese utilizar ecopotenciador en todos os pacientes con dúbidas razoables de trombo intraventricular.^{26,29}

b.- Cardio-TC:

- Pacientes estables con sospeita, tras ETT, de rotura cardíaca subaguda/contida cuxa situación clínica non permita realizar resonancia magnética. No caso de pacientes inestables con sospeita de rotura cardíaca, valorar exploración cirúrxica urgente.
- Pacientes con sospeita non confirmada en ecocardiograma (incluído uso de ecopotenciador) de trombo intraventricular cuxa situación clínica non permita realizar resonancia magnética.^{26,29}

c.- Cardio-RM:

- Estudo de viabilidade en pacientes con oclusión crónica nunha arteria non-responsable tras a revascularización da arteria responsable.
- Pacientes estables con sospeita, tras ETT, de rotura cardíaca subaguda/contida. No caso de pacientes inestables con sospeita de rotura cardíaca, valorar exploración cirúrxica urgente.
- Pacientes con mala ventá ecocardiográfica que non permita valorar función sistólica.
- Pacientes con sospeita non-confirmada en ecocardiograma (incluído uso de ecopotenciador) de trombo intraventricular.^{26,29-30}

d.- Ecocardiograma de esforzo SPECT:

- Estudo de viabilidade en pacientes con oclusión crónica nunha arteria non-responsable tras a revascularización da arteria responsable en pacientes que non poden someterse a un estudo de resonancia magnética.
- Priorizarase o eco dobutanina sobre o SPECT. Considéranse pacientes con mala ventá para eco dobutanina aqueles nos que en condicións de repouso non se poden avaliar polo menos 2 segmentos desde as vistas apicais, incluído uso de ecopotenciador.^{26,29}

8.4. Síndrome coronaria agudo sen elevación persistente do segmento ST (SCASEST)

En pacientes con SCASEST, a indicación das probas de imaxe cardíaca é a seguinte:

a.- Ecocardiograma transtorácico:

- Inicialmente (por parte do equipo médico de garda):
 - Todos os pacientes, para avaliar a función sistólica e excluír outras causas de anxina (miocardiopatías, valvulopatías...) previo a decidir estratexia invasiva ou non-invasiva; especialmente en pacientes tras parada cardíaca recuperada ou inestabilidade hemodinámica.
- Previo á alta (estudo regrado por parte da unidade de Imaxe Cardíaca):
 - Todos os pacientes antes do alta, para valorar función sistólica e despistaxe de trombo intraventricular e outra cardiopatía estrutural coexistente (valvulopatías, miocardiopatías...).
 - Débese utilizar ecopotenciador en todos os pacientes con dúbidas razoables de trombo intraventricular.^{26,31}

b.- Anxio-TC de arterias coronarias:

- Pacientes con sospeita de SCASEST con dous electrocardiogramas e dúas determinacións de troponina I non-concluíntes (pacientes de baixo risco); e función sistólica ventricular esquerda conservada. A actitude que se debe seguir tras o anxio-CT reflíctese na táboa 16.

Táboa 16. Actitude para seguir tras anxio-TC en SCASEST	
Resultado de anxio-TC	Proba para realizar
Lesión > 50 % de TCI (CAD-RADS 4b)	- Coronariografía
Lesións severas (CAD-RADS 4-5)	- Coronariografía
Lesións moderadas (CAD-RADS 3)	- Valorar TMO e, se hai mala resposta, realizar test de detección de isquemia
Lesións non-significativas (CAD-RADS 0-2)	- Considerar diagnósticos alternativos sen máis probas de imaxe cardíaca
Estudo non-diagnóstico (CAD-RADS N)	- Test de detección de isquemia

Táboa 16. Actitude para seguir tras un anxio-TC en SCC. TCI: tronco principal esquerdo. CAD-RADS: *Coronary Artery Disease-Reporting and Data System*. TMO: tratamento médico óptimo.

c.- Probas de detección de isquemia (resonancia de estrés, ecocardiograma de esforzo e SPECT)

- Pacientes con sospeita de SCASEST con dous electrocardiogramas e dúas determinacións de troponina I non-concluíntes (pacientes de baixo risco); e función sistólica ventricular esquerda, nos que:
 - Non se poida realizar anxio-TC de arterias coronarias (peso > 227 kg, alerxia sospeitada ou coñecida a contrastes iodados, claustrofobia...)
 - Revascularización percutánea previa.
 - Outras características que fagan probable un estudo mediante anxio-TC de arterias coronarias non-diagnóstico (imposibilidade de conseguir FC < 70 lpm, fibrilación auricular, diabetes *mellitus* tipo 2 de longa evolución, calcificación coronaria grave coñecida, enfermidade arterial coronaria moderada en estudos previos).
- Priorizar o eco de estrés sobre o SPECT. Dada a dispoñibilidade limitada da resonancia de estrés, poderase realizar cando exista indicación para cardio-RM no mesmo estudo. Considéranse pacientes con mala ventá para ecocardiograma de esforzo aqueles nos que, en condicións de repouso ou esforzo, non se poden avaliar polo menos 2 segmentos desde as vistas apicais, incluída valoración con ecopotenciador; nestes casos, pódese realizar SPECT.
- Naqueles pacientes en condicións de realizar exercicio, priorizaranse os test de detección de isquemia con exercicio (ecocardiograma de esforzo e SPECT de esforzo/repouso) sobre os test farmacolóxicos (ecocardiograma de estrés con dobutamina e SPECT con regadenosón).



INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN MIOCARDIOPATÍAS FAMILIARES

9. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN MIOCARDIOPATÍAS FAMILIARES

As cardiopatías familiares (CF) son enfermidades de orixe xenética que inclúen as miocardiopatías (hipertrófica, dilatada, restritiva, arritmoxénica e non-compactada), as canalopatías (síndrome de QT longo, síndrome de Brugada, síndrome de QT curto e taquicardia ventricular catecolaminérxica polimórfica) e algunhas síndromes aórticas. Todas elas son a causa principal de moitas das mortes súbitas (MS) en individuos novos, e en pacientes de maior idade.

As miocardiopatías defínense como un conxunto de alteracións miocárdicas nas que o músculo cardíaco é estrutural e funcionalmente anormal, en ausencia de enfermidade coronaria, hipertensión arterial, valvulopatías e cardiopatías conxénitas que xustifiquen as alteracións miocárdicas observadas. Atendendo aos distintos fenotipos morfolóxicos e funcionais, as miocardiopatías divídense en: hipertrófica, dilatada, restritiva, arritmóxena e non-compactada. Á súa vez, poden clasificarse en familiares e non-familiares.

9.1. Miocardiopatía hipertrófica (MCH)

O diagnóstico clínico de MCH en familiares de primeiro grao de pacientes con enfermidade inequívoca (grosor parietal ≥ 15 mm) baséase na presenza dun aumento do grosor da parede do VE ≥ 13 mm inexplicable nun ou máis segmentos do miocardio do VE, medido mediante calquera técnica de imaxe cardíaca (ecocardiografía, cardio-RM ou cardio-TC).^{26,32-33}

As técnicas de imaxe cardíaca utilizada para o diagnóstico da MCH son:

- **ETT:** é a primeira técnica de imaxe cardíaca que se debe utilizar para o diagnóstico de MCH. A hipertrofia afecta con maior frecuencia o tabique interventricular nos segmentos basais do VE, pero a miúdo esténdese cara a calquera localización (incluído o ventrículo dereito), polo que a presenza, distribución e gravidade da hipertrofia se deben documentar seguindo o anexo 6. Ademais, débese descartar en todos os pacientes a existencia de movemento sistólico anterior da válvula mitral (SAM), de insuficiencia mitral secundaria ao SAM e de gradiente dinámico no tracto de saída de VE en repouso e con manobras de provocación de tipo Valsalva. Se existen dúbidas en relación coa presenza de hipertrofia en diferentes localizacións como o ápex ou a parede lateral, pode utilizarse contraste ecográfico para axudar no diagnóstico.

- **Eco-doppler de esforzo:** débese realizar nos pacientes sintomáticos con limitación ao esforzo, nos asintomáticos que queren realizar exercicio físico e nos que aparece gradiente dinámico coa manobra de Valsalva.
- **Cardio-RM:** nos pacientes con mala ventá ecocardiográfica ou cando a hipertrofia se limita a segmentos que se visualizan peor na ecocardiografía (ápex, parede anterolateral, ventrículo dereito), débese solicitar unha cardio-RM. É tamén de especial utilidade para a detección de aneurismas apicais e trombos, así como anomalías do músculo papilar. Débense realizar secuencias de realce tardío para identificar pacientes con maior risco de morte súbita e mapas T1 e T2 para diferenciar entre distintas causas dun fenotipo de MCH.
- **Cardio-TC:** debe considerarse para mellorar a valoración anatómica en pacientes con ventá ecocardiográfica inadecuada e contraindicación para a realización de cardio-RM.
- **Gammagrafía con ^{99m}Tc -DPD:** indicada ante sospeita de amiloidose cardíaca.^{26,32-35}

As recomendacións de cribado en familiares de pacientes con MCH detállanse na táboa 17.

Táboa 17. Cribado en familiares de pacientes con MCH		
IDADE	ECG	ETT
<12 anos	Opcional*	Opcional*
12-21 anos	Cada 18 meses	Cada 18 meses
>25 anos	Cada 5 anos ou se hai inicio de síntomas	Cada 5 anos ou se hai inicio de síntomas

Táboa 17. Cribado en familiares de pacientes con MCH. *Salvo que presenten historia familiar de morte súbita, que estean en programa de deporte de competición ou inicio de síntomas.

As recomendacións de seguimento detállanse na táboa 18.

Táboa 18. Indicacións técnicas de imaxe cardíaca en seguimento de MCH	
TÉCNICA DE IMAXE CARDÍACA	PERIODICIDADE
ETT	• 1-2 anos en paciente estable • Se hai cambio en situación clínica • 1-3 meses tras procedemento redución septal • 6-12 meses tras procedemento redución septal • A partir de 12 meses seguimento anual
Eco-doppler esf.	• 2-3 anos en paciente estable • Anual se hai síntomas progresivos • Tras 6 meses inicio tratamento para redución gradiente
Cardio-RM	• 5 anos en paciente estable • 2-3 anos se hai progresión de enfermidade
ETE	• Se hai dúbidas con IMI e a súa etioloxía en diagnóstico e se hai cambios en ETT

Táboa 18. Seguimento en pacientes con MCH.

9.2. Miocardiopatía dilatada

A miocardiopatía dilatada (MCD) é unha causa frecuente de insuficiencia cardíaca e é o diagnóstico máis común en pacientes que se someten a un transplante cardíaco. A MCD caracterízase por dilatación e disfunción sistólica dun ou de ambos os ventrículos, e clasifícase como idiopática cando se excluíron todas as causas detectables, excepto as causas xenéticas.

A ecocardiografía transtorácica (ETT) é o método de preferencia para o diagnóstico dos pacientes con sospeita de IC, xa que proporciona información sobre as dimensións e morfoloxía da cámara e a función sistólica e diastólica, así como a presenza e gravidade da IC. Os criterios de diagnóstico para a MCD baseáronse na identificación dunha FEVE < 45% e/ou unha fracción de acurtamento <25 %, en asociación cunha dimensión telediastólica do VE>112 % do valor predito corrixido por idade e área de superficie corporal. En todos os casos, debe realizarse ao diagnóstico un ETT segundo o anexo 1 para establecer o seguimento e prognóstico do paciente. Se está dispoñible, debe realizarse valoración 3D dos volumes cardíacos e estudo de deformación miocárdica. Ademais, débese estimar a presenza e o alcance da asincronía mecánica no corazón.

A información de ETT pode complementarse con modalidades máis avanzadas, elixidas de acordo coa súa capacidade para entregar información complementaria adaptada a consultas clínicas específicas, como se comentou no apartado correspondente á IC.^{25-26, 38-39}

9.3. Miocardiopatía restritiva (MCRct)

A fisioloxía restritiva caracterízase pola presenza dun padrón de enchido ventricular no que a rixidez miocárdica causa incrementos bruscos de presión ventricular con pequenos cambios de volume. Definiuse a MCRct como a presenza de fisioloxía restritiva con volumes ventriculares sistólicos e diastólicos normais ou reducidos. A alteración diastólica é consecuencia de fibrose miocárdica, infiltración ou fibrose da superficie endomiocárdica. A MCRct pode ser primaria, tamén chamada idiopática, ou secundaria a diversos procesos sistémicos inflamatorios (fibrose endomiocárdica), infiltrativos (amiloidose, sarcoidose) e de depósito (hemocromatose, glicoxenose, enfermidade de Fabry). A causa máis frecuente no noso medio é a amiloidose.

A técnica diagnóstica inicial é o ETT, no que evidenciaremos cavidades ventriculares con volumes normais, aurículas dilatadas e alteración na función diastólica (anexo MCRct). Tras realizar un ETT podemos completar o estudo do paciente con outras TIMAX.

- Cardio-RM: para filiar a orixe da MCRct, especialmente se existe alta sospeita de amiloidose. Débese realizar tamén como alternativa diagnóstica en pacientes con mala ventá ecográfica.
- Gammagrafía con ^{99m}Tc-DPD: indicado ante sospeita de amiloidose cardíaca.
- Cardio-TC: pódese realizar para descartar a existencia de calcificación e engrosamento pericárdico axudando no diagnóstico diferencial coa pericardite constritiva se non se conseguiu un diagnóstico diferencial tras facer o ETT segundo o algoritmo do anexo MCRct.

O seguimento da MCRct realizarase con ETT cunha periodicidade que dependerá da situación clínica do paciente e o grao de afectación miocárdica. Inicialmente, é suficiente un ETT cada 1-2 anos.^{26, 40-46}

9.4. Miocardiopatía non-compactada

A miocardiopatía non-compactada (MCNC) asóciase frecuentemente a unha etioloxía xenética e caracterízase pola estruturación do miocardio en dúas capas diferenciadas. A primeira delas é unha capa endocárdica grossa de aspecto esponxoso, cunha trabeculación prominente, entendendo as trabéculas desde un punto de vista ecocardiográfico como estruturas con ecoxenicidade similar á do miocardio, e que se

moven sincronicamente coa contracción do resto do ventrículo e recesos profundos que comunican coa cavidade ventricular pero non coa circulación coronaria. A segunda é unha capa epicárdica de aspecto denso e uniforme, que adoita ser máis delgada que a primeira. Aínda que habitualmente afecta o ventrículo esquerdo, pode afectar a ambos os ventrículos e mesmo o ventrículo dereito de forma exclusiva. Ten un curso clínico altamente variable pero potencialmente mortal, xa que nalgúns pacientes ocasiona disfunción sistólica e insuficiencia cardíaca, arritmias ventriculares e complicacións tromboembólicas.

O ecocardiograma transtorácico (ETT) é a técnica diagnóstica de primeira elección para a MCNC. Propuxéronse fundamentalmente tres criterios diagnósticos diferentes, que se detallan no anexo 6. Non hai recomendacións específicas con relación ao VD sendo moito mais complexo o seu diagnóstico con ETT que no VE.

Tras realizar un ETT con alta sospeita de MCPNC, débese solicitar unha cardio-RM, que permitirá identificar e cuantificar adecuadamente a trabeculación miocárdica cunha mellor visualización do ápex e a cara lateral do VE. Ademais, permite identificar a presenza de trombos no interior das trabéculas. Debe realizarse RMN nos familiares de primeiro grao do probando se hai sospeita en ETT ou con mala ventá ecocardiográfica. Os criterios diagnósticos en cardio-RM descríbense no anexo 6.

O seguimento dun paciente portador da enfermidade debe realizarse con ETT, segundo se comenta no capítulo de IC. O seguimento de familiares coa mutación xenética pero sen evidencia de enfermidade, debe realizarse con ETT cada 3-4 anos.^{26, 47-49}


9.5. Miocardiopatía arritmóxena (MA)

A MA é unha enfermidade hereditaria autosómica dominante cunha prevalencia estimada de 1 : 2500 – 1 : 5000, que é maior no xénero masculino (3 : 1). Caracterízase histoloxicamente pola substitución dos cardiomiocitos por tecido fibroadiposo, o cal predispón a arritmias ventriculares, insuficiencia ventricular dereita e morte súbita cardíaca. A clasificación actual de MA inclúe:

- Fenotipo clásico de MA: afectación illada do VD.
- Enfermidade biventricular coas formas «dominante-dereita» ou «dominante-esquerda», segundo predomine a afectación do VD ou VE.
- Fenotipo do VE: afectación illada do VE.

O ETT é a técnica de imaxe que utilizar na avaliación inicial dun paciente con sospeita diagnóstica de MA. Os achados están en relación con dilatación e anomalías na contractilidade segmentaria do VD secundarios á substitución do miocardio por tecido graxo. Tras un ETT que confirme alta sospeita diagnóstica, ou se a ventá ecográfica non é adecuada, débese realizar unha cardio-RM, que permitirá realizar unha medida máis exacta de grosores e función ventricular global e segmentaria, así como unha mellor caracterización tisular, identificando os segmentos parietais ocupados por graxa. Para o diagnóstico da MA, seguiremos os criterios publicados en 2010 e resumidos na táboa do anexo 6.

O seguimento realizarase con ETT cada 2-3 anos, segundo a idade, o estado xenético e a clínica do paciente. Debe considerarse a posibilidade de repetir o estudo de cardio-RM en pacientes cun diagnóstico de MA definido que presenten un empeoramento significativo dos síntomas clínicos, anomalías do ECG, eventos arrítmicos ou achados ecocardiográficos sempre que se espere que os achados da cardio-RM poidan cambiar a actitude co paciente.^{26, 50-53}



INDICACIONES DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN HIPERTENSIÓN PULMONAR (HP)

10. INDICACIÓNS DAS TÉCNICAS DE IMAXE CARDÍACA EN HIPERTENSIÓN PULMONAR

A hipertensión pulmonar (HP) defínese pola existencia dunha presión pulmonar media en repouso ≥ 20 mmHg no cateterismo dereito. Pode aparecer en moitas enfermidades cardiovasculares, respiratorias e do tecido conectivo. Sen tratamento, a morbi-mortalidade é elevada, e por iso é crucial un diagnóstico precoz.

A imaxe desempeña un papel moi importante non só no diagnóstico e cuantificación da HP, senón tamén no prognóstico, o manexo e a avaliación da resposta ao tratamento. Dado que a etioloxía da HP é multifactorial, empréganse diferentes modalidades de imaxe segundo o diagnóstico de sospeita.

O ecocardiograma é a primeira liña de diagnóstico non-invasivo ante a sospeita de HP. A información obtida do ecocardiograma permite establecer a probabilidade de que exista HP, máis que establecer un diagnóstico definitivo. A probabilidade de HP debe definirse como baixa, intermedia ou alta (táboas 19 e 20). Cando se interpreta nun contexto clínico, o resultado do ecocardiograma establecerá a necesidade de realizar un cateterismo cardíaco no paciente concreto.^{8,26,54,55}

O ecocardiograma pode establecer, nalgúns casos, o diagnóstico etiolóxico da HP confirmada (cardiopatía conxénita, cardiopatía esquerda, *shunt* intracardiaco).

A ecocardiografía é unha ferramenta útil na valoración prognóstica da HP durante o seguimento, dado que permite valorar os cambios estruturais e funcionais no ventrículo dereito, que é o principal determinante prognóstico da enfermidade.

Por último, o ecocardiograma é a técnica de elección no *screening* de HP en poboacións de risco.^{8,26,54,55}

Táboa 19. Probabilidade ecocardiográfica de HP		
- Ictus secundarios a síndrome de vasoconstrición cerebral reversible.⁷¹⁻⁷⁵

b) Exclúense os casos de demencia severa e gran dependencia funcional por mor do ictus definida con puntuación en *modified Rankin scale* (mRS) ≥ 5 .


c) Exclúense os casos de pacientes con ictus isquémico en situación de coidados paliativos.⁶⁴⁻⁷⁰

15.2. Ecocardiograma transesofáxico

Realizarase nos pacientes con diagnóstico de ictus isquémico ou AIT nas seguintes situacións:

- a) Avaliación de próteses valvulares mecánicas para descartar tromboes ou endocardite protética.

- b) Estudo de forame oval permeable en todos os pacientes ≤ 60 anos con ictus de orixe criptoxénica (tras realizar un estudo etiolóxico completo).
- Protocolo: realizarase ETE con burbullas utilizando ecocontraste con solución axitada de 10 ml dun expansor de volume con xelatina succinilada (Gelaspan®).
- c) Nos casos nos que o estudo ecocardiográfico transtorácico non sexa concluínte, principalmente no contexto de imaxes visualizadas en ETT suxestivas de vexetacións ou tumoracións cardíacas.⁶⁴⁻⁷⁵



ANEXOS

16. ANEXOS.

ANEXO 1

DATOS XERAIS DE INFORME DE ECOCARDIOGRAMA REGRADO

- Volume telediastólico do ventrículo esquerdo (VTDVE), se é posible indexado (VTDVE index).
- Volume telesistólico do ventrículo esquerdo (VTSVE), se é posible indexado (VTSVE index).
- Fracción de exección do ventrículo esquerdo, idealmente por método de Simpson (FEVE %).
- Dimensións de ventrículo dereito (diámetro basal en milímetros e diámetro medio en milímetros).
- Función de ventrículo dereito (TAPSE, e S').
- Válvula aórtica:
 - Características (se é bi- ou trivalva, e grao de calcificación).
 - Gradiente máximo transvalvular aórtico.
 - Gradiente medio transvalvular aórtico.
 - Área valvular aórtica por integral velocidade/tempo (IVT) (débesse indicar o tamaño medido de tracto de saída de ventrículo esquerdo para unha mellor comparación de evolución da valvulopatía). Se é posible, indicar a área valvular aórtica por planimetría.
 - Se existe insuficiencia aórtica e grao (medido como se indica no apartado específico).
- Válvula mitral:
 - Características.
 - Se se obxectiva estenose, reflectir gradiente máximo, medio e área valvular mitral (indicando o método de obtención da área).
 - Se se obxectiva insuficiencia, indicar o grao (ORE e volume regurxitante).

- Válvula tricúspide:
 - Indicar características e grao de insuficiencia.
 - Indicar a velocidade máxima de regurxitación tricuspíde e o gradiente entre ventrículo dereito e aurícula dereita.
- Patrón de enchido mitral (indicando valores de onda E, onda A, tempo de deceleración de onda E, E/A, onda e' septal, onda e' lateral e relación E/e').
- Grao de hipertensión pulmonar.
- Tamaño de aurícula dereita (área) e esquerda (área e volume indexado).⁹

ANEXO 2

ECOCARDIOGRAMA REGRADO EN VALVULOPATÍA MITRAL

1. ESTENOSE MITRAL:

No ecocardiograma transtorácico regrado dun paciente con estenose mitral, ademais dos datos xerais mencionados no anexo 1, deben constar:

- Características da válvula mitral: se é reumática, se ten calcificación de veos, mobilidade dos veos, afectación do aparello subvalvular mitral, mobilidade do aparello subvalvular mitral...
- Área valvular mitral (idealmente por planimetría en plano paraesternal eixe curto, e, se non se asocia a insuficiencia mitral de alto grao, tamén área valvular mitral por tempo de hemipresión).
- Gradiente medio transvalvular mitral (promediado de 5 latexos se o paciente está en fibrilación auricular).
- Gradiente máximo transvalvular mitral (promediado de 5 latexos se o paciente está en fibrilación auricular).¹³

No ecocardiograma transesofáxico regrado dun paciente con estenose mitral deben constar:

- Características da válvula mitral: se é reumática, calcificación de veos, mobilidade dos veos, afectación do aparello subvalvular mitral, mobilidade do aparello subvalvular mitral, calcificación do aparello subvalvular mitral, calcificación do anel mitral.
- Área valvular mitral (idealmente por planimetría en plano transgástrico, área valvular mitral por tempo de hemipresión se non se asocia a insuficiencia mitral de alto grao e área valvular mitral por 3D).
- Gradiente medio transvalvular mitral (promediado de 5 latexos se o paciente está en fibrilación auricular).
- Gradiente máximo transvalvular mitral (promediado de 5 latexos se o paciente está en fibrilación auricular).
- Existencia de trombos no apéndice auricular.

- Débese indicar o grao e as características da insuficiencia mitral, se a hai, segundo se comenta a continuación, as características e o grao de alteración da válvula aórtica, tricúspide e do septo interauricular, así como o fluxo en veas pulmonares, sempre que a tolerancia do paciente o permita.^{13,15}

2. INSUFICIENCIA MITRAL

No ecocardiograma transtorácico regrado dun paciente con insuficiencia mitral, ademais dos datos xerais mencionados no anexo 1, deben constar:

- Características da válvula mitral: engrosamento ou prolapso de veos, elongación de cordas, rotura de cordas, existencia de prolapso ou *flail*, calcificación anel mitral. Diámetro anteroposterior do anel e diámetro bicomisural do anel mitral.
- Características do *jet* de regurxitación (indicando se é central ou non, dirección do *jet* regurxitante).
- Medida do grao de regurxitación (tamaño do orificio regurxitante, volume regurxitante, vea contracta).
- Características do fluxo en veas pulmonares.
- Diámetro telediastólico e telesistólico de ventrículo esquerdo.¹⁴

No ecocardiograma transesofáxico regrado dun paciente con insuficiencia mitral, ademais dos datos xerais mencionados no anexo 1, deben constar:

- Características da válvula mitral: engrosamento ou prolapso de veos, elongación de cordas, rotura de cordas, existencia de prolapso ou *flail*, indicando os festóns afectados, calcificación do anel mitral.
- Diámetro anteroposterior do anel e diámetro bicomisural.
- Características do *jet* de regurxitación (indicando se é central ou non, dirección do *jet* regurxitante e festóns nos que se orixina).
- Medida do grao de regurxitación (tamaño do orificio regurxitante, volume regurxitante, vea contracta; se é posible, ORE en 3D).
- Características do fluxo en veas pulmonares.
- Descartar a existencia de trombos no apéndice auricular.

- Débense indicar as características e o grao de alteración, se a hai, na válvula aórtica, tricúspide e do septo interauricular, así como o fluxo en veas pulmonares, sempre que a tolerancia do paciente o permita.¹⁴⁻¹⁵

3. ECO DOPPLER DE ESFORZO EN VALVULOPATÍA MITRAL

Ao realizar un eco-doppler de esforzo nun paciente con valvulopatía mitral, debemos indicar:

- Protocolo de exercicio utilizado.
- Grao de estenose ou insuficiencia mitral en repouso.
- Gradiente VD-AD en repouso.
- Dilatación de vea cava inferior antes do inicio da proba.
- FC e TA ao comezo da proba.
- Grao de estenose ou insuficiencia mitral en máximo esforzo.
- Gradiente VD-AD en máximo esforzo.
- Síntomas aparecidos na proba, MET alcanzados, FC máxima alcanzada, TA máxima alcanzada.¹⁴⁻¹⁵

ANEXO 3

VALORACIÓN ECOCARDIOGRÁFICA DA VÁLVULA AÓRTICA

AVALIACIÓN ECOCARDIOGRÁFICA DA ESTENOSE VALVULAR AÓRTICA:

- Morfoloxía e descrición da válvula, grao de calcificación e mecanismo de lesión. Presenza de insuficiencia aórtica asociada e grao. Parámetros de gravidade da estenose (velocidade máxima transaórtica [Vmáx], gradiente transaórtico máximo e medio [Gmáx/Gmed], área valvular estimada por IVT ou por planimetría e índice de permeabilidade).
 - Grao de dilatación e de hipertrofia ventricular esquerda, función sistólica ventricular esquerda mediante determinación de fracción de exacción ventricular esquerda, volume sistólico, e, se é posible, en valvulopatía de grao III-IV, *strain* global lonxitudinal ventricular esquerdo.
 - Grao de dilatación auricular esquerda.
 - Grao de dilatación ventricular dereita e función sistólica.
 - Presenza ou ausencia de datos suxestivos de hipertensión pulmonar.
 - Valvulopatías concomitantes: mecanismo e grao.^{13, 17}
 - Medidas de anel aórtico, seos de Valsalva, unión sinotubular e aorta ascendente.
- * Os parámetros deben indexarse pola superficie corporal do paciente; é especialmente importante en casos de rango de superficie corporal extremos.

AVALIACIÓN ECOCARDIOGRÁFICA DA INSUFICIENCIA VALVULAR AÓRTICA:

- Morfoloxía e descrición da válvula, grao de calcificación e mecanismo de lesión. Presenza de estenose asociada e grao. Parámetros de gravidade da insuficiencia: vea contracta, % ocupación de tracto de saída ventricular esquerdo, tempo de hemipresión, fluxo reverso en aorta descendente, volume regurxitante e fracción regurxitante).
- Grao de dilatación e de hipertrofia ventricular esquerda, función sistólica ventricular esquerda mediante determinación de fracción de exacción

ventricular esquerda e, se é posible, en valvulopatía de grao III-IV *strain* lonxitudinal ventricular esquerdo.

- Grao de dilatación auricular esquerda.
- Grao de dilatación ventricular dereita e función sistólica.
- Presenza ou ausencia de datos suxestivos de hipertensión pulmonar.
- Valvulopatías concomitantes: mecanismo e grao.
- Medidas de anel aórtico, seos de Valsalva, unión sinotubular e aorta ascendente.¹⁵

* Os parámetros deben indexarse pola superficie corporal do paciente; é especialmente importante en casos de rango de superficie corporal extremos.

ANEXO 4

VALORACIÓN ECOCARDIOGRÁFICA DA VÁLVULA TRICÚSPIDE

AVALIACIÓN ECOCARDIOGRÁFICA DA INSUFICIENCIA VALVULAR TRICÚSPIDE:

- Morfoloxía e descrición da válvula e mecanismo de insuficiencia tricúspide. Parámetros de gravidade da insuficiencia (vea contracta, PISA, orificio regurxitante efectivo, volume regurxitante) e repercusión hemodinámica (fluxo na vea cava inferior e suprahepáticas).
- Dilatación e avaliación de función sistólica ventricular dereita lonxitudinal e radial.
- Presenza ou ausencia de datos suxestivos de hipertensión pulmonar.
- Función sistólica ventricular esquerda, valvulopatías esquerdas concomitantes.^{15,18}

* Os parámetros deben indexarse pola superficie corporal do paciente; é especialmente importante en casos de rango de superficie corporal extremos.

AVALIACIÓN ECOCARDIOGRÁFICA DA ESTENOSE VALVULAR TRICÚSPIDE:

Morfoloxía e descrición da válvula, aparello subvalvular e mecanismo de estenose. Insuficiencia asociada e grao. Parámetros de gravidade da estenose (velocidade máxima [Vmáx], gradiente máximo e medio [Gmáx/Gmed], integral velocidade tempo [IVT], tempo de hemipresión [THP], área valvular).

- Dilatación e avaliación de función sistólica ventricular dereita lonxitudinal e radial.
- Presenza ou ausencia de datos suxestivos de hipertensión pulmonar.
- Función sistólica ventricular esquerda, valvulopatías esquerdas concomitantes ou outros achados asociados.
- Dilatación de vea cava e comportamento respirofásico.¹³

Considérase **hemodinamicamente significativa** a estenose triúspide con Gmed > 5 mmHg a unha frecuencia cardíaca normal (60-80 lpm), IVT > 60 cm, THP ≥ 190 ms, área valvular ≤ 1 cm².

* Os parámetros deben indexarse pola superficie corporal do paciente; é especialmente importante en casos de rango de superficie corporal extremos.

ANEXO 5

ECOCARDIOGRAMA REGRADO EN PRÓTESES

1. ECOCARDIOGRAMA TRANSTORÁCICO REGULADO EN PRÓTESES.

Ademais dos datos referidos a ventrículo esquerdo e dereito, ambas as aurículas e resto de válvulas no ecocardiograma transtorácico de toda prótese, debe incluírse:

- Tipo de prótese (biolóxica ou mecánica) e se impresiona de apertura normal en modo 2D.
- Gradiente medio transprotético.
- Gradiente máximo transprotético.
- Existencia de fuga periprotética, localización, características e grao desta.^{16,20}

2. ECOCARDIOGRAMA TRANSESOFÁXICO EN PRÓTESES REALIZADO EN QUIRÓFANO TRAS SUBSTITUCIÓN VALVULAR.

a) Débese indicar no informe preoperatorio:

- As alteracións existentes seguindo o modelo de ETE referido no anexo correspondente a cada valvulopatía.¹⁹

b) Débese indicar no informe postoperatorio:

- Tipo de prótese e se impresiona de adecuada apertura en modo 2D.
- Gradiente máximo transprotético (en caso de prótese aórtica, medido en plano transgástrico profundo ou transgástrico a 120 °), se é posible a súa adquisición.
- Existencia de fuga periprotética, localización, características e grao desta.
- Débese revisar o resto de válvulas, por se hai cambios postoperatorios.¹⁹

ANEXO 6

MIOCARDIOPATÍAS FAMILIARES

1. MIOCARDIOPATÍA HIPERTRÓFICA

Ademais de realizar un ETT regulado en todos os pacientes segundo o anexo 1, debemos incluír:

- a) Medidas do grosor dos diferentes segmentos do VE seguindo un protocolo estandarizado de cortes transversais a diferentes niveis e en diferentes proxeccións.
- b) Descartar existencia de SAM, IMI asociada e gradiente dinámico en TSVE en repouso e tras manobra de Valsalva.
- c) *Strain* global lonxitudinal (GLS).³³⁻³⁴

2. MIOCARDIOPATÍA RESTRITIVA

Características ecocardiográficas:

- VE e VD non-dilatados con función inicialmente conservada.
- Grososres ventriculares normais nas formas idiopáticas e aumentados nas infiltrativas.
- Dilatación biauricular (máis severa que en pericardite constrictiva).
- Pericardio normal (pode haber lixeiro derramo pericárdico).
- Disfunción diastólica de grao III nas formas avanzadas.
- Nas veas pulmonares e hepáticas, a onda sistólica está moi diminuída, cun incremento importante da onda diastólica e unha onda auricular máis ancha e profunda.
- Á inspiración, o fluxo pulmonar non se modifica; non así o fluxo hepático, que se caracteriza pola presenza dun fluxo retrógrado antes da contracción auricular.

O algoritmo de diagnóstico diferencial mediante ETT de MCRct e pericardite constrictiva modificado das guías AHA e EACVI de función diastólica inclúese na figura 12.^{36,40-42}

3. MIOCARDIOPATÍA NON COMPACTADA.

Criterios diagnósticos en ETT:

Criterios diagnósticos con ETT en MCPNC			
	CRITERIOS DE CHIN	CRITERIOS DE JENNI	CRITERIOS DE STÖLBERGER
Relación capa NC/C		> 2	> 2
Relación X/E	< 0,5		
Fase do ciclo para medir	TD	TS	TD
Plano medida	EC	EC	AP4C
Doppler cor		-Ata o interior dos recesos	-Perfusión das trabéculas desde o VE
Outros		-Maior afectación mediolateral, medioinferior e apical - Descartar outras anomalías	-> 3 trabeculacions -> apicais que m. papilares - trabéculas con ecoxenicidade miocardio e sincrónicas con el

Criterios diagnósticos con ETT de MCNC. NC: capa non-compactada. C: capa compactada. X: distancia entre a superficie epicárdica e a parte máis profunda do receso intertrabecular. Y: distancia entre a superficie epicárdica e o pico da trabeculación. TD: telediástole. TS: telesístole. EC: plano paraesternal eixe curto. AP4C: Plano apical 4 cámaras. VE: ventrículo esquerdo.⁴⁷⁻⁴⁹

O emprego de técnicas ecocardiográficas avanzadas pode axudar a definir mellor a patoloxía en casos dubidosos ou de mala vetá, como ocorre coa ecocardiografía 3D, o uso de contraste ou a deformación miocárdica por *speckle tracking*. Na MCPNC describiuse unha rotación anómala dos segmentos basais e apicais na mesma dirección cando o fisiolóxico é que a base teña unha contracción rotacional no sentido das agullas do reloxo, e o ápex, no antihorario. Ademais, describiuse un patrón de deformación con *strain rate* lonxitudinal sistólico maior nos segmentos basais que no ápex.

Os criterios diagnósticos con cardio-RM de MCNC descríbense na táboa seguinte:

Criterios diagnósticos de MCPNC con Cardio-RM		
	CRITERIOS DE PETERSEN	CRITERIOS DE JAQUIER
Relación capa NC/C	> 2,3	
Fase do ciclo para medir	TD	
Plano de medida	Eixes longos	
Masa trabeculada/masa total VE		> 20%

Criterios diagnósticos con cardio-RM de MCNC. NC: capa non-compactada. C: capa compactada. TD: telediástole. VE: ventrículo esquerdo.⁴⁷⁻⁴⁹

4. MIOCARDIOPATÍA ARRITMÓXENA (MA)

En 2010, a AHA publicou os criterios diagnósticos de MA, a parte que corresponde a criterios de imaxe cardíaca resúmese na seguinte táboa:

Criterios de imaxe cardíaca para o diagnóstico da MA		
	ETT	Cardio-RM
MAIORES	Acinesia, discinesia ou aneurisma segmentaria de VD + un dos seguintes (en TD): -PEEL RVOT ≥ 32 mm (≥ 19 mm/m ²) ou -PEEC RVOT ≥ 36 mm (≥ 21 mm/m ²) ou -FA de VD ≤ 33 %	Acinesia, discinesia ou aneurisma segmentaria de VD + un dos seguintes (en TD): -VTD de VD index ≥ 110 ml/m ² en homes e ≥ 100 ml/m ² en mulleres ou -FEVD ≤ 40 %
MENORES	Acinesia ou discinesia segmentaria de VD + un dos seguintes (en TD): -29 $\leq$ PEEL RVOT < 32 mm ($16 \leq$ index < 19 mm/m ²) ou -32 $\leq$ PEEC RVOT ≤ 36 mm ($18 \leq$ index < 21 mm/m ²) ou -33 % $<$ FA de VD ≤ 40 %	Acinesia ou discinesia segmentaria de VD + un dos seguintes (en TD): - 100 ml/m ² $\leq$ VTD de VD index < 110 ml/m ² en homes e 90 ml/m ² $\leq$ VTD de VD index < 100 ml/m ² en mulleres ou - 40 % $<$ FEVD ≤ 45 %

Criterios diagnósticos de MA. VD: ventrículo dereito. TD: telediástole. PEEL: plano araesternal eixe longo. PEEC: plano paraesternal eixe curto. VTD: volume telediastólico de VD. RVOT: tracto de saída de VD. FA: fracción de acurtamento.Index: indexado. FEVD: fracción de exección de ventrículo dereito.⁵¹⁻⁵³

ANEXO 7

CARDIOPATÍAS CONXÉNITAS DO ADULTO

1. DRENAXE VENOSA PULMONAR ANÓMALA

Supón a drenaxe dunha ou varias veas pulmonares (VP) á aurícula dereita, directamente ou través dunha vea cava. É moito mais frecuente o que afecta as veas dereitas, que drenan con maior frecuencia á VCS. O das veas esquerdas é menos frecuente, e adoita facelo á vea braquiocefálica esquerda ou ao seo coronario. É habitual a asociación cunha CIA ostium primun (OP). Unha entidade específica é a *síndrome da cimitarra* coa tríade: drenaxe de VP dereitas á VCI (a través dun conduto venoso que atravesa o diafragma e cuxa imaxe na radiografía lle dá nome a esta entidade), achega sistémica anómala ao pulmón dereito e graos variables de hipoplasia pulmonar dereita, en ocasións con secuestro lobar.⁵⁶⁻⁵⁷

2. CANLE AV/AV

A característica anatómica común dos defectos auriculoventriculares é a existencia dun só anel fibroso auriculoventricular, con 5 veos valvulares. Outras características comúns importantes son o desprazamento do anel fibroso aórtico respecto ao AV, con elongación do TSVE e desprazamento posteroinferior do nodo AV e feixe de His, que lle dá ao ECG un eixe superior do QRS.

Pódese clasificar anatómicamente:

- *Canle AV completa*: existe un único orificio valvular AV, con CIA OP e CIV de septo de entrada. Supón o 2 % das CC e no 70 % dos casos trátase de pacientes con síndrome de Down.
- *Canle AV/AV parcial ou CIA OP*: normalmente asociada a *cleft* mitral, e tratado no capítulo de CIA.
- *Canle transicional: rara*. Basicamente trátase dunha CIA OP, con 2 orificios valvulares pero con CIV do septo de entrada.⁵⁶⁻⁵⁷

2.1. DIAGNÓSTICO E SEGUIMENTO

A proba diagnóstica inicial é o ETT, que informará sobre as características anatómicas, a dirección e a magnitude do *shunt*, o grao de insuficiencia da válvula AV, o grao de dilatación e disfunción dos ventrículos, a estimación das presións pulmonares e a eventual presenza de obstrución ao tracto de saída do VE (TSVE). Tras esta, pode solicitarse unha cardio-RM para unha mellor valoración de volumes e función dos ventrículos, cálculo do Qp/Qs, e grao de regurxitación valvular.

Tras a corrección do defecto, o seguimento debe realizarse como se indicou no apartado correspondente de CIA.⁵⁶⁻⁵⁷

3. VENTÁ AORTO-PULMONAR

A Ventá aortopulmonar é unha cardiopatía conxénita rara na que existe unha comunicación directa entre a aorta ascendente e a arteria pulmonar. Asóciase habitualmente a outros defectos, como CIV, tetraloxía de Fallot, estenose subaórtica, CIA ou DAP. Con frecuencia, o defecto é de gran tamaño, polo que, se non se leva a cabo un peche precoz, existe unha elevada probabilidade de desenvolvemento precoz de hipertensión pulmonar (HP). Se o defecto é pequeno, pode simular un DAP, e preséntase cun sopro continuo e dilatación de cavidades esquerdas por sobrecarga de volume.⁵⁶⁻⁵⁷

4. OBSTRUCCIÓN DO TRACTO DE SAÍDA ESQUERDO

Pode ocorrer a nivel valvular (75 %), subvalvular ou supravalvular.

4.1. ESTENOSE VALVULAR AÓRTICA CONXÉNITA

A válvula aórtica bicúspide é a forma máis frecuente (1-2 % da poboación), con importante asociación familiar. Ademais de estenose, pode producirse insuficiencia valvular e dilatación aórtica, e é frecuente a súa presenza na coartación de aorta (CoA); considérase unha enfermidade global da aorta como órgano.

A técnica diagnóstica inicial é o ETT, que informará das características anatómicas e funcionais da válvula segundo o anexo que corresponde á válvula aórtica. As probas que se deben realizar para aclarar grao de severidade ou insuficiencia e a

súa indicación reflectíronse no capítulo correspondente a estenose e insuficiencia aórtica. O seguimento da aorta torácica destes pacientes detallouse no capítulo correspondente de patoloxía da aorta.⁵⁶⁻⁵⁷

4.2. ESTENOSE SUPRAVALVULAR

Supón o 7 % das estenose de TSVE, ben como un anel fibroso ou, máis frecuentemente, como unha deformidade en reloxo de area da aorta ascendente.

O diagnóstico realizarase inicialmente con ETT, completando o estudo con ETE ou cardio-RM de aorta. O cateterismo é de risco, especialmente na síndrome de Williams, polo que, se é posible, o estudo coronario preoperatorio pode realizarse con cardio-TC.⁵⁶⁻⁵⁷

4.3. ESTENOSE SUBVALVULAR

Supón o 6,5 % dos casos. Pode ser unha lesión illada, pero frecuentemente asóciase a CIV e a hipoplasia de cavidades esquerdas. Pode consistir nun anel fibroso próximo ao plano valvular ou nun engrosamento fibromuscular en TSVE. Xera frecuentemente insuficiencia aórtica, pero raramente é progresiva ou significativa.

O diagnóstico realízase inicialmente con ETT, e complétase o estudo, en caso de dúbidas, con ETE ou cardio-RM, se se precisa. O seguimento realizarase con ETT, seguindo as indicacións de periodicidade da estenose aórtica.⁵⁶⁻⁵⁷

5. COARTACIÓN DE AORTA

No adulto supón un estreitamento da luz aórtica distal á subclavia esquerda. Ata o 85 % pode presentar aorta bicúspide. Pode presentarse illada ou como parte de CC complexas (complexo de Shone, DAP, CIV...). Ademais, adoita estar incrementada a rixidez da aorta.

O diagnóstico inicial realizarase con ETT, que informará sobre a localización e extensión da CoA, e sobre a hipertrofia e función do VE. O gradiente ecocardiográfico a nivel da coartación (tanto a nativa como a intervida) non sempre é un dato cuantitativamente fiable (o gradiente pode ser baixo por colaterais amplas ou, en caso de disfunción de VE, tras a intervención pode presentar velocidades altas aínda sen estenose por rixidez aórtica). Si é un signo orientativo a extensión diastólica de

fluxo local. Tras o diagnóstico, débese realizar un cardio-TC ou unha cardio-RM, que permiten o estudo de toda a aorta, do grao de coartación, da circulación colateral e de complicacións como aneurismas.

O seguimento por imaxe da aorta tras a reparación realizarase preferentemente con cardio-RM cada 3-5 anos, pero podería acurtarse segundo a patoloxía basal e a presenza de datos de recoartación ou complicacións no lugar da reparación (desenvolvemento de aneurismas...).⁵⁶⁻⁵⁷

6. OBSTRUCCIÓN DO TRACTO DE SAÍDA DE VENTRÍCULO DEREITO

6.1. ESTENOSE PULMONAR

A estenose valvular pulmonar é a forma máis habitual de estenose do tracto de saída ventricular dereito (80-90 %). É consecuencia dunha fusión dos veos valvulares. Unha válvula pulmonar displásica, con veos engrosados, de aspecto mixomatoso e con escasa mobilidade aparece con menor frecuencia.

A *estenose supraválvular pulmonar* prodúcese por estenose da arteria pulmonar principal, a nivel da bifurcación ou nas ramas pulmonares principais ou periféricas. Raramente aparece de forma illada, e adoita formar parte de defectos máis complexos (como a tetraloxía de Fallot) ou dalgunhas síndromes xenéticas (síndrome de Noonan, Williams ou Alagille). A estenose pode ser localizada ou difusa (hipoplasia) ou pode aparecer de forma illada ou como múltiples áreas de estenose. Unha estenose considérase significativa cando é $\geq 50\%$ do diámetro do vaso, e habitualmente xera un gradiente de presión e hipertensión na porción proximal da arteria pulmonar.

O ecocardiograma é o método diagnóstico de elección. Permite valorar a anatomía do tracto de saída ventricular dereito e da válvula pulmonar, o tamaño e función ventricular dereita, así como o grao de hipertrofia e a presenza doutras lesións asociadas. Ademais, permite realizar unha valoración hemodinámica da estenose pulmonar, xa que poderemos cuantificar o gradiente transvalvular mediante Doppler continuo. Adóitase utilizar o gradiente transvalvular máximo e non o gradiente medio para a cuantificación da severidade da estenose pulmonar. A clasificación da estenose pulmonar móstrase na táboa 1. Ademais, débese valorar a existencia de insuficiencia pulmonar, insuficiencia tricúspide e o grao de HP asociado.⁵⁶⁻⁵⁷

Grao de estenose pulmonar	
GRAO	Parámetros de corte
Lixeira	Grad máx < 36 mmHg Vel máx 3m/s
Moderada	Grad máx 36-64 mmHg Vel máx 3-4 m/s
Severa	Grad máx >64 mmHg Vel máx >4 m/s

Gradación da estenose pulmonar. Grad máx: gradiente máximo. Vel máx: velocidade máxima.

A cardio-RM achega información adicional para a valoración adecuada do nivel de obstrución, particularmente se esta está a nivel infundibular ou nas ramas pulmonares. Permite valorar o tamaño e función do ventrículo dereito e o tamaño das ramas pulmonares, e pode detectar outras lesións asociadas, como a insuficiencia pulmonar ou defectos do septo interauricular ou interventricular. O cardio-TC pode ter unha maior resolución para a valoración do tamaño das ramas pulmonares cando a afectación é máis distal.⁵⁶⁻⁵⁷

6.2. VENTRÍCULO DEREITO DE DOBRE CÁMARA

O ventrículo dereito de dobre cámara (VDDC) é unha forma de estenose do tracto de saída ventricular dereito que se produce a nivel subvalvular, causada por bandas musculares anómalas que dividen o ventrículo en dúas cámaras, unha cámara proximal de alta presión e unha cámara distal de baixa presión. Este tipo de obstrución é adquirida, aínda que o substrato parece que podería ser conxénito. Na maioría dos pacientes existen outras lesións asociadas e aparece unha CIV en máis do 75 % dos casos. Existen pacientes cun diagnóstico tardío de VDDC nos que non se observa CIV, aínda que se cre que puido existir orixinalmente e se pechou espontaneamente.

O ecocardiograma é a técnica de imaxe inicial para realizar o diagnóstico; permite identificar a obstrución a nivel do tracto de saída do VD, aínda que este pode ser difícil de visualizar nos planos habituais paraesternais ou apicais. En ocasións, os planos subcostais poden ser útiles. Pode utilizarse cardio-RM, que permite obter imaxes adecuadas na maior parte dos pacientes con VDDC. Pode ser necesaria a realización dun estudo hemodinámico invasivo para conformar o diagnóstico.⁵⁶⁻⁵⁷

7. ANOMALÍA DE EBSTEIN

Inclúe un amplo espectro de defectos anatómicos e funcionais da válvula tricúspide, coas seguintes características:

- Desprazamento apical dos veos septal e posterolateral, de maneira que o orificio valvular tricúspide está desprazado cara ao ápex e cara ao tracto de saída ventricular dereito.
- O veo anterior orixínase normalmente a nivel do anel, pero con frecuencia é un veo redundante, con forma de «vela» e con distintos graos de adherencias á parede miocárdica.
- Atrialización da porción do tracto de entrada do ventrículo dereito e ventrículo dereito restante funcional de pequeno tamaño.
- Poden aparecer distintos graos de insuficiencia tricúspide (é rara a estenose).
- Aproximadamente o 50 % dos pacientes presentan un *shunt* a nivel auricular (FOP ou CIA).

Nun 25 % dos casos poden aparecer unha ou varias vías accesorias, que incrementan o risco de arritmias supraventriculares.

A ecocardiografía é a técnica de elección para o diagnóstico, que podemos confirmar cando existe un desprazamento do veo septal cara ao ápex do VD ≥ 8 mm/m² de superficie corporal, cun veo anterior elongado. Ademais, permite realizar unha valoración funcional da válvula tricúspide. A cardio-RM pode ser útil na valoración anatómica previa á cirurxía e para cuantificar os volumes e función do VD.⁵⁶⁻⁵⁷

8. TETRALOXÍA DE FALLOT

Existe unha desviación anterocefálica do septo infundibular que dá lugar ás características anatómicas que definen esta entidade:

- CIV non-restritiva (perimembranosa no 80 % dos casos).
- Cabalgamento da aorta.
- Estenose do tracto de saída ventricular dereito (infundibular, valvular ou, máis frecuentemente, unha combinación de ambas, con ou sen estenose supraválvular ou de ramas pulmonares asociada).

- Hipertrofia ventricular dereita secundaria.
- Poden asociarse outras lesións, como CIA, CIV musculares adicionais, arco aórtico dereito etc.

O ETT é a técnica de primeira liña para o diagnóstico e o seguimento. A cardio-RM é a técnica de elección para a valoración dos volumes e función ventricular dereita, grao de IP, ramas pulmonares e tamaño da raíz aórtica. O cardio-TC pode ser unha alternativa en pacientes portadores de marcapasos ou desfibriladores implantables.⁵⁶⁻⁵⁷

9. ATRESIA PULMONAR CON COMUNICACIÓN INTERVENTRICULAR

Algúns pacientes con tetraloxía de Fallot presentan atresia pulmonar en lugar de estenose pulmonar. Ademais da CIV non-restritiva e o cabalgamento aórtico, presentan unha ausencia total de comunicación directa ou fluxo entre o VD e a arteria pulmonar. Esta ausencia de comunicación pode aparecer a nivel subvalvular (máis frecuente) ou a nivel valvular. Estes pacientes ademais presentan un VD de tamaño adecuado para unha reparación biventricular e anomalías complexas da vascularización arterial pulmonar que van ser determinantes na forma de presentación e o manexo do paciente. Existen tres patróns fundamentais de vascularización arterial pulmonar:

- A. Circulación unifocal con arterias pulmonares confluentes: neste caso, todas as arterias intrapulmonares están conectadas a unhas ramas pulmonares confluentes de tamaño adecuado, cun fluxo pulmonar suplementado a través do *ductus* arterioso persistente.
- B. Circulación multifocal: as distintas partes do pulmón presentan un fluxo arterial suplementado desde distintas fontes:
 - B.1. Arterias pulmonares confluentes pero hipoplásicas con fluxo pulmonar suplementado por arterias colaterais sitémico-pulmonares (MAPCA).
 - B.2. Arterias pulmonares non-confluentes con fluxo pulmonar suplementado por MAPCA.

Estas ramas colaterais habitualmente orixínanse na aorta torácica descendente, no lado oposto á orixe das arterias intercostais, e esténdense ata a orixe das arterias intrapulmonares segmentarias, a nivel dos hilos pulmonares.

Os achados no ecocardiograma son similares aos de pacientes con tetraloxía de Fallot, pero con ausencia de fluxo directo entre o VD e a AP. Pódense realizar outras probas de imaxe complementarias, como a cardio-RM e o cardio-TC para axudar a determinar o tamaño e a confluencia das ramas pulmonares, así como as fontes de vascularización pulmonar.⁵⁶⁻⁵⁷

10. TRANSPOSICIÓN DAS GRANDES ARTERIAS

A transposición de grandes arterias (TGA) caracterízase por unha concordancia auriculoventricular e unha discordancia ventriculoarterial: as aurículas están nunha posición normal (*situs solitus*), a aurícula dereita conéctase co ventrículo morfoloxicamente dereito, do que sae a aorta, e a aurícula esquerda conéctase co ventrículo morfoloxicamente esquerdo, do que sae a arteria pulmonar. Así, as circulacións sistémica e pulmonar están conectadas en paralelo en lugar de estar conectadas en serie. Esta cardiopatía é incompatible coa vida, salvo que exista comunicación entre os dous circuitos.

Se non existe ningunha outra anomalía cardíaca, falaremos dunha TGA simple, pero no 50 % dos pacientes imos atopar cunha TGA complexa, con outros defectos asociados. Os máis frecuentes son a CIV, a obstrución do tracto de saída de VE ou a coartación de aorta.

É necesario coñecer as distintas técnicas cirúrxicas de reparación para realizar unha adecuada valoración das posibles secuelas ou complicacións a longo prazo.

O achado característico no ecocardiograma dos pacientes con *switch* auricular é a relación en paralelo das grandes arterias, coa aorta en posición anterior. Esta técnica permite realizar unha valoración cualitativa da función ventricular dereita, do grao de insuficiencia tricúspide ou de estenose subpulmonar a nivel do TSVE. Tamén poderemos descartar a presenza de estenose ou fugas nos colectores. Nos pacientes con *switch* arterial debemos prestarlle atención á insuficiencia valvular neoaoártica, á estenose supraválvular pulmonar e ás alteracións da contractilidade segmentaria secundarias a isquemia. O ecocardiograma tamén permite descartar a presenza de estenose do túnel entre o VE e a aorta, a disfunción do conduto entre o VD e a arteria pulmonar ou a CIV residual nos pacientes cunha cirurxía de Rastelli.

Se a información do ETT é insuficiente ou non-concluínente, podemos utilizar outras técnicas, como a cardio-RM ou o cardio-TC. A cardio-RM é fundamental nestes pacientes, xa que achega unha cuantificación máis exacta dos volumes e función

ventricular, do estado dos colectores, condutos ou *shunts* residuais. O anxio-TC de arterias coronarias permite avaliar a patencia dos *ostia* e segmentos proximais de arterias coronarias; en pacientes moi novos pode considerarse cardio-RM. As técnicas de medicina nuclear permiten valorar a perfusión miocárdica cando se sospeita isquemia, ou a perfusión pulmonar no caso de estenose de ramas pulmonares.⁵⁸

11. TRANSPOSICIÓN DAS GRANDES ARTERIAS CONXENITAMENTE CORRIXIDA

A transposición de grandes arterias conxenitamente corrixida (TGACC) caracterízase por unha discordancia auriculoventricular e ventriculoarterial: as aurículas están nunha posición normal (*situs solitus*), a aurícula dereita conéctase co ventrículo morfoloxicamente esquerdo, do que sae a arteria pulmonar (que se atopa á dereita e posterior con respecto á aorta), e a aurícula esquerda conéctase co ventrículo morfoloxicamente dereito, do que sae a aorta. A circulación é, por tanto, «fisioloxicamente» normal, pero o problema fundamental é que o VD soporta a circulación sistémica.

En máis do 90 % dos pacientes aparecen outras anomalías conxénitas asociadas, como CIV e estenose pulmonar valvular ou subvalvular, e anomalías da válvula tricúspide ou válvula AV esquerda («Ebstein-like»).

O ecocardiograma é a técnica que permite o diagnóstico inicial demostrando unha dobre discordancia, e tamén é fundamental para a detección doutras lesións asociadas. A cardio-RM achega información fundamental sobre a anatomía dos vasos e volumes e función ventriculares.⁵⁸

12. CORAZÓN UNIVENTRICULAR E CIRURXÍA DE FONTAN

A cirurxía de Fontan é un tratamento paliativo para aqueles casos nos que unha reparación biventricular non é posible; por exemplo, en pacientes con atresia tricuspídea, atresia pulmonar con septo íntegro ou outras formas de corazón univentricular.

No corazón univentricular, as dúas válvulas auriculoventriculares están conectadas a unha cavidade ventricular única, que no 80 % dos casos é un ventrículo morfoloxicamente esquerdo (ventrículo esquerdo de dobre entrada). Este ventrículo principal estará conectado a outro rudimentario a través dun orificio

chamado forame bulboventricular. Unha das grandes arterias emerxe do ventrículo e a outra da cámara rudimentaria, e preséntase unha TGA no 85 % dos casos. Na metade dos pacientes existe estenose ou atresia pulmonar.

Poden aparecer outros defectos asociados, como coartación de aorta, interrupción do arco aórtico, estenose aórtica ou estenose pulmonar, CIA ou DAP, entre outros.

O ecocardiograma é a técnica fundamental para establecer o diagnóstico e para monitorizar a función cardíaca durante o seguimento. A cardio-RM daranos unha información detallada da anatomía intra e extracardiaca, así como da función ventricular. A cardio-TC poderá considerarse en pacientes con contraindicación para cardio-RM ou con imaxes non diagnósticas desta por artefacto, sobre todo para valoración da anatomía intra e extracardiaca.⁵⁶⁻⁵⁷

13. OUTRAS LESIÓNS

13.1. TRONCO ARTERIOSO PERSISTENTE

Consiste na presenza dunha grande arteria común que emerxe dos ventrículos. Sempre se asocia a unha CIV de gran tamaño. As arterias pulmonares orixínanse da aorta ascendente, de forma independente ou a través dun tronco común, polo que non hai conexión directa entre estas e o VD. A válvula trunca é habitualmente displásica e presenta distintos graos de insuficiencia ou estenose, o que será o principal predictor da evolución clínica destes pacientes.

O diagnóstico adoita ser prenatal ou ao nacemento con eco ($\pm$ estudo hemodinámico). É rara. O adulto séguese con cardio-RM/cardio-TC, segundo contraindicacións de cardio-RM e calidade de imaxe.⁵⁶⁻⁵⁷

13.2. COR TRIATRIATUM

O *cor triatriatum* caracterízase pola presenza dun septo fibromuscular que divide a aurícula esquerda en dúas cámaras: unha cámara venosa pulmonar común, onde drenan as veas pulmonares, e a verdadeira aurícula esquerda. Trátase dun defecto moi pouco habitual que se asocia a outras lesións (fundamentalmente a unha CIA) no 79-80 % dos casos. O ETT permitirá sospeitar o seu diagnóstico; a súa confirmación esixe unha cardio-RM ou un cardio-TC.⁵⁶⁻⁵⁷

13.3. SÍNDROME DE EISENMENGER

Defínese pola presenza de hipertensión pulmonar cun *shunt* reverso (dereita-esquerda) ou bidireccional. Un cortocircuíto amplo non corrixido, a calquera nivel, condiciona un aumento de fluxo pulmonar que vai causar un dano progresivo na vasculatura pulmonar e un incremento das resistencias vasculares pulmonares. A consecuencia final é un *shunt* bidireccional ou reverso e cianose central. Os defectos que causan esta síndrome con maior frecuencia son a CIV, os defectos do septo AV e o DAP. Con menor frecuencia, pode aparecer asociado a defectos como o tronco arterioso persistente, as fistulas sistémico-pulmonares creadas cirurxicamente, a atresia pulmonar ou o corazón univentricular.⁵⁶⁻⁵⁷



ABREVIATURAS

17. ABREVIATURAS

AV: auriculoventricular.

AVAO: área valvular aórtica.

AVM: área valvular mitral.

Cardio-TC: tomografía axial computadorizada cardíaca.

Cardio-RM: resonancia magnética nuclear cardíaca.

CC: cardiopatía congénita.

CCDA: cardiopatías congénitas del adulto.

CIA: comunicación interauricular.

CIV: comunicación interventricular.

DAI: desfibrilador automático implantable.

Eco esf: ecocardiograma de esfuerzo.

EAO: estenosis aórtica.

EMI: estenosis mitral.

ETE: ecocardiograma transesofágico.

ETri: estenosis tricúspide.

ETT: ecocardiograma transtorácico.

FA: fibrilación auricular.

FEVE: fracción de eyección de ventrículo izquierdo.

¹⁸FDG-PET: tomografía de emisión de positrones con 18-fluorodesoxiglicosa.

Gmáx: gradiente máximo.

Gmed: gradiente medio.

GPC: guías de práctica clínica.

IAO: insuficiencia aórtica.

IC: insuficiencia cardíaca.

IMI: insuficiencia mitral.

IT: insuficiencia tricúspide.

IP: índice de permeabilidade.

IVT: integral velocidade/tempo.

HP: hipertensión pulmonar.

MA: miocardiopatía arritmóxena.

MCD: miocardiopatía dilatada.

MCH: miocardiopatía hipertrófica.

MCRct: miocardiopatía restrictiva.

OP: *ostium primum*.

ORE: orificio regurxitante.

PSP: presión sistólica pulmonar.

^{99m}Tc-DPD: ácido 3,3-difosfono-1,2-propanodicarboxílico marcado con tecnecio 99.

TRC: terapia de resincronización.

TIMAXC: técnicas de imaxe cardíaca.

VD: ventrículo dereito.

VDDC: ventrículo dereito de dobre cámara.

VE: ventrículo esquerdo.

Vmáx: velocidade máxima.

VTD: volume telediastólico.

VTs: volume telesistólico.



BIBLIOGRAFÍA

18. BIBLIOGRAFÍA

1. Dent JM. Do *Echocardiography Appropriate Use Criteria Really Matter?* J Am Soc Echocardiogr 2016;29:205-208.
2. DeMaria A.N. *The Growth of Diagnostic Imaging Services.* J Am Coll Cardiol 2005 Jun 21;45(12):2093-4.
3. Saini V, Brownlee S, Elshaug AG, et al. *Addressing overuse and underuse around the world.* Lancet. 2017 Jul 8;390(10090):105-107.
4. Picano E. *The Risks of Inappropriateness in Cardiac Imaging.* Int J Environ Res Public Health. 2009 May;6(5):1649-64.
5. Picano E. *Economic and biological costs of cardiac imaging.* Cardiovasc Ultrasound 2005 25;3:13.
6. Douglas P. *Appropriate use criteria: past, present, future.* J Am Soc Echocardiogr 2012; 25:1776-8.
7. Douglas P. *Improving Imaging: Our Professional Imperative.* J Am Coll Cardiol 2006;48:2152-5.
8. Garbi M, Habib G, Plein S, et al. *Appropriateness criteria for cardiovascular imaging use in clinical practice: a position statement of the ESC/EACVI taskforce.* European Heart Journal – Cardiovascular Imaging 2014;15:477-482.
9. Mitchell C, Rahko PS, Blauwet KA, et al. *Guidelines for Performing a Comprehensive Transthoracic Echocardiographic Examination in Adults: Recommendations from the American Society of Echocardiography.* J Am Soc Echocardiogr. 2019 Jan;32(1):1-64.
10. Vahanian A, Beyersdorf F, Praz F, et al. 2021 ESC/EACTS *Guidelines for the management of valvular heart disease. Developed by the Task Force for the management of valvular heart disease of the European Society of Cardiology (ESC) and the European Association for Cardio-Thoracic Surgery (EACTS).* European Heart Journal 2021; 00, 1-72.
11. Otto CM, Nishimura RA, Bonow RO, et al. 2020 ACC/AHA *Guideline for the Management of Patients With Valvular Heart Disease: Executive Summary. A Report of the American College of Cardiology/American Heart Association Joint Committee on Clinical Practice Guidelines. Developed in collaboration with and endorsed by the American Association for Thoracic Surgery, American Society of Echocardiography, Society for Cardiovascular Angiography and Interventions, Society of Cardiovascular Anesthesiologists, and Society of Thoracic Surgeons.* J Am Coll Cardiol 2020;77:450-500.

12. Doherty JU, Kort,S, Mehran S, et al. ACC/AATS/AHA/ASE/ASNC/HRS/SCAI/SCCT/ SCMR/STS 2017 *Appropriate Use Criteria for Multimodality Imaging in Valvular Heart Disease. A Report of the American College of Cardiology Appropriate Use Criteria Task Force, American Association for Thoracic Surgery, American Heart Association, American Society of Echocardiography, American Society of Nuclear Cardiology, Heart Rhythm Society, Society for Cardiovascular Angiography and Interventions, Society of Cardiovascular Computed Tomography, Society for Cardiovascular Magnetic Resonance, and Society of Thoracic Surgeons.* J Am Coll Cardiol 2017;1647-72.
13. Baumgartner H, Hung J, Bermejo J, et al. *Echocardiographic Assessment of Valve Stenosis: EAE/ASE Recommendations for Clinical Practice.* J Am Soc Echocardiogr 2009;22(1):1-23.
14. Lancellotti P, Pellikka PA, Budts W, et al. *The Clinical Use of Stress Echocardiography in Non-Ischaemic Heart Disease: Recommendations from the European Association of Cardiovascular Imaging and the American Society of Echocardiography.* J Am Soc Echocardiogr 2017 Feb;30(2):101-138.
15. Zoghbi WA, Adams D, Bonow RO, et al. *Recommendations for Noninvasive Evaluation of Native Valvular Regurgitation A Report from the American Society of Echocardiography Developed in Collaboration with the Society for Cardiovascular Magnetic Resonance.* J Am Soc Echocardiogr 2017;30:305-371.
16. Nicoara A, Skubas N, Finley A, et al. *Guidelines for the Use of Transesophageal Echocardiography to Assist with Surgical Decision-Making in the Operating Room: A Surgery-Based Approach From the American Society of Echocardiography in Collaboration with the Society of Cardiovascular Anesthesiologists and the Society of Thoracic Surgeons.* J Am Soc Echocardiogr 2020;33:692-734.
17. Baumgartner H, Hung J, Bermejo J, et al. *Recommendations on the echocardiographic assessment of aortic valve stenosis: a focused update from the European Association of Cardiovascular Imaging and the American Society of Echocardiography.* European Heart Journal – Cardiovascular Imaging (2017) 18, 254–275.
18. Hahn R, Zamorano Z. *The need for a new tricuspid regurgitation grading scheme.* European Heart Journal – Cardiovascular Imaging (2017) 0, 1-2.
19. Zoghbi WA, Asch FM, Bruce C, et al. *Guidelines for the Evaluation of Valvular Regurgitation After Percutaneous Valve Repair or Replacement A Report from the American Society of Echocardiography Developed in Collaboration with the Society for Cardiovascular Angiography and Interventions, Japanese Society of Echocardiography, and Society for Cardiovascular Magnetic Resonance.* J Am Soc Echocardiogr. 2019;32:430-475.

20. Zoghbi, WA, Chambers,JB, Dumesnil,JG, et al. *Recommendations for Evaluation of Prosthetic Valves With Echocardiography and Doppler Ultrasound. A Report From the American Society of Echocardiography's Guidelines and Standards Committee and the Task Force on Prosthetic Valves, Developed in Conjunction With the American College of Cardiology Cardiovascular Imaging Committee, Cardiac Imaging Committee of the American Heart Association, the European Association of Echocardiography, a registered branch of the European Society of Cardiology, the Japanese Society of Echocardiography and the Canadian Society of Echocardiography, Endorsed by the American College of Cardiology Foundation, American Heart Association, European Association of Echocardiography, a registered branch of the European Society of Cardiology, the Japanese Society of Echocardiography, and Canadian Society of Echocardiography.* J Am Soc Echocardiogr 2009 Sep;22(9):975-1014.

21. Lancellotti P, Antunes MJ, Bongiorni MG, et al. *2015 ESC Guidelines for the management of infective endocarditis The Task Force for the Management of Infective Endocarditis of the European Society of Cardiology (ESC).* European Heart Journal (2015) 36, 3075-3123.

22. Blomström-Lundqvist C, Traykov V, Erba PA, et al. *European Heart Rhythm Association (EHRA) international consensus document on how to prevent, diagnose, and treat cardiac implantable electronic device infections—endorsed by the Heart Rhythm Society (HRS), the Asia Pacific Heart Rhythm Society (APHRS), the Latin American Heart Rhythm Society (LAHRS), International Society for Cardiovascular Infectious Diseases (ISCVID) and the European Society of Clinical Microbiology and Infectious Diseases (ESCMID) in collaboration with the European Association for Cardio-Thoracic Surgery (EACTS).* Europace (2020) 22, 515-516.

23. Erbel R, Aboyans V, Boileau C, et al. *2014 ESC Guidelines on the diagnosis and treatment of aortic diseases Document covering acute and chronic aortic diseases of the thoracic and abdominal aorta of the adult.* European Heart Journal (2014) 35, 2873-2926.

